



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 27 DE XUÑO DE 2024

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, sendo as once horas do día vinte e sete de xuño de dous mil vinte e catro, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona María Dolores Pan Lesta, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D. RAMÓN BOGA MOSCOSO
D. DAVID LÓPEZ SABORIDO
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR

Polo grupo municipal do PP:

D.^a DIANA PIÑEIRO FERNÁNDEZ
D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D. BRAIS CUBEIRO FERNÁNDEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Non asiste á sesión o Sr. concelleiro do grupo político do BNG, D. Daniel Carballada Rodríguez.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 27 de xuño de 2024, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202406270907240000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

Non obstante, debido a un problema informático co sistema de videoactas, cando son as once horas e dous minutos, durante o debate do primeiro punto da orde do día, e tendo xa intervido o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, a Sra. alcaldesa interrompe as intervencións para comunicar que se vai proceder a suspender a sesión uns minutos co fin de proceder a reiniciar o equipo informático de gravación, que está fallando e non está a recoller o son e as imaxes da sesión.

Cando son as once horas e sete minutos dáse comezo novamente á sesión desde o seu momento inicial, cando a Sra. alcaldesa declara aberto o acto, isto co fin de recoller integramente todas as intervencións xa efectuadas e que estas poidan constar na videoacta.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS 2024-2027

Acceso á videoacta – 00:00:53 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 13 de maio de 2024 (CVD: Gj9aserrg0IRsDm5Tlae), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 23 de maio de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA

Asunto: Proposta de aprobación do Plan estratéxico de Subvencions 2024 – 2027

Segundo o disposto no artigo 8.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencions (LXS) o concello antes do establecemento das subvencions debe ter aprobado con carácter previo un Plan estratéxico de subvencions, poñendo de manifesto no mesmo os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo para a súa consecución, os custes previsibles e as fontes de financiamento. No mesmo sentido se pronuncia o artigo 5.1 da Lei 9/2007, de subvencions de Galicia.

Tendo en conta que o periodo de vixencia do Plan estratéxico de subvencions 2020-2023 do concello de Cambre, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2019, con carácter supletorio da correspondente ao día 26 de decembro de 2019, finalizou no exercicio 2023, ha de aprobarse un novo Plan estratéxico de subvencions 2024-2027.

É por isto que se propón:

Primeiro: Aprobar o Plan estratéxico de Subvencions do concello de Cambre para os exercicios 2024-2027, co seguinte



tenor literal:

«PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS 2024-2027

CONCELLO DE CAMBRE

ÍNDICE

1. Introducción.

- 1.1. Antecedentes legais.
- 1.2. Obxectivos xerais pretendidos coa aprobación do 3º PES do Concello de Cambre

2. Principais elementos do contido do PES do concello de Cambre.

- 2.1. Ámbito subxectivo.
- 2.2. Periodo de vixencia.
- 2.3. Obxectivos estratéxicos: competencias municipais e obxectivos do PES.
- 2.4. Estabilidade orzamentaria e austeridade no gasto público.

3. As liñas de subvencións do Concello de Cambre.

- 3.1. Área 1. **Acción social.**
- 3.2. Área 2. **Educación + servizos complementarios**
- 3.3. Área 3. **Promoción cultural**
- 3.4. Área 4. **Festexos e tradicións populares**
- 3.5. Área 5. **Promoción e fomento do deporte**
- 3.6. Área 6. **Promoción empresarial**
- 3.7. Área 7. **Transporte**
- 3.8. Área 8. **Outras**

4. Seguimento e avaliación do PES 2024-2027

- 4.1. Grupo para o seguimento e a avaliación do PES.
- 4.2. Actualización anual do PES.
- 4.3. Informe anual do PES.
- 4.4. Definición de indicadores para a avaliación da eficacia PES.
- 4.5. Control financeiro do PES.

5. Aprobación, publicidade e transparencia do PES.



- 5.1. Aprobación do PES.
- 5.2. Publicidade do PES
- 5.3. Transparencia do PES.

Anexo: Fichas individualizadas das liñas de subvencións

1. INTRODUCCIÓN.

1.1. Antecedentes legais.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LGS) introduciu unha nova obriga para os órganos das Administracións Públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións: **elaborar un plan estratéxico de subvencións** (en adiante, PES), no que se deberán concretar os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para á súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Con esta medida, penetran na área da actividade administrativa de fomento as técnicas de planificación estratéxica propias do sector privado e que foron incorporadas progresivamente como ferramentas de programación e xestión nas últimas décadas no sector público español. Con isto preténdese dar resposta ás esixencias constitucionais dunha xestión eficiente e eficaz dos recursos públicos, coherente, polo tanto, co resto de ferramentas de programación e planificación orzamentaria ou sectorial que se poidan aprobar. Así, de acordo co artigo 103 da Constitución, *“la Administración Pública sirve con objetividad los intereses generales y actúa de acuerdo con los principios de eficacia, jerarquía, descentralización, desconcentración y coordinación con sometimiento pleno a la ley y al Derecho”*, principios ligados aos expresados no artigo 31.2 da propia norma constitucional, en relación co gasto público, ao que se lle esixe realizar *“una asignación equitativa de los recursos públicos y su programación y ejecución responderán a los criterios de eficiencia y economía”*.

O artigo 8 da LGS foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da LGS, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos PES, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse do mesmo e os efectos do seu incumprimento.

O concello de Cambre cumprindo con esa obriga aprobou no ano 2017 o seu primeiro PES cunha vixencia de 3 anos, 2017-2019, e un segundo PES con vixencia 2020-2023. Procede pois a aprobación dun novo PES para as anualidades 2024 a 2027.

Máis alá da obriga legal de dar cumprimento ao artigo 8 LGS, o ineludible cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e o actual contexto de consolidación fiscal e de austeridade no gasto público esixen neste momento, máis que nunca, dispoñer na actuación administrativa dos adecuados instrumentos de planificación das políticas públicas, como é o caso dos plans estratéxicos de subvencións, e por iso que procedemos a elaborar este terceiro plan estratéxico de subvencións.



1.2. Obxectivos xerais pretendidos coa aprobación do 3º PES do Concello de Cambre

A elaboración do Plan Estratéxico de Subvencións do 2024-2027 debe concibirse como a continuidade no exercicio dunha auténtica planificación estratéxica das políticas públicas de contido subvencional desenvolvidas polo municipio. O primeiro PES serviu de comenzo para esta planificación, o segundo a súa consolidación como elemento vertebral das políticas de fomento do Concello de Cambre. Este terceiro plan ha de contribuir a unha mellora na xestión e coordinación co ámbito asociativo que demanda unha maior participación nas políticas públicas de desenvolvemento social, económico, cultural, deportivo e educativo, especialmente.

Fronte a unha concepción formal do PES, o Concello de Cambre ven apostando por presentar un auténtico Plan Estratéxico de Subvencións, que dé cumprimento formal e materialmente ao previsto no artigo 8 da LGS. Así o esixe a legalidade, pero tamén o actual contexto de consolidación fiscal e de austeridade no gasto público.

Un auténtico PES é a ferramenta para conseguir unha maior eficacia no cumprimento dos obxectivos da actividade subvencional que os entes municipais levan a cabo e unha maior eficiencia na asignación do gasto público, e para isto deben racionalizarse e, no seu caso, simplificarse as actuacións subvencionais desenvolvidas polo Concello, o que sen dúbida debe de converterse nun obxectivo tanto político como técnico.

Tendo presente todo o anterior, a elaboración de un PES 2024-2027 do Concello de Cambre pretende a consecución dos seguintes obxectivos xerais:

- Dotar a cada departamento municipal dun instrumento de planificación das políticas públicas que teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha utilidade pública relacionada coas materias da competencia de cada área.
- Desde unha perspectiva económica-financeira, definir instrumentos de xestión máis uniformes no conxunto de todas as áreas que permitan mellorar a eficacia e a eficiencia das subvencións, traballando con planificación a 4 anos o que permite ser máis eficientes economicamente.
- Desde a perspectiva da transparencia, consolidar a firme aposta pola información pública cercana ó veciño e bo goberno.

Ó tratarse do terceiro PES se debe continuar co seguimento e avaliación que os anteriores PES introduciron no Concello de Cambre mellorando os seus resultados.

2. PRINCIPAIS ELEMENTOS DO CONTIDO DO PES DO CONCELLO DE CAMBRE.

2.1. Ámbito subxectivo: un PES único para o Concello de Cambre.

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, introduciu unha obriga novedosa para os órganos das Administracións Públicas e calquera entes públicos responsables da xestión de subvencións elaborar un plan estratéxico de subvencións, no que deben concretarse os obxectivos e efectos pretendidos coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa



consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, suxeitándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O citado artigo 8, foi desenvolvido polos artigos 10 a 15 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, establecendo cales deben ser os principios reitores, o ámbito e o contido dos plans estratéxicos, así como a competencia para a súa aprobación, o seguimento que debe realizarse dos mesmos e os efectos do seu incumprimento, que se ben non resulta aplicable aos Concellos (tal e como se indica na súa exposición de motivos), recolle algúns aspectos que poden ser tidos en conta.

Dito plan estratéxico deberá confeccionarse con carácter previo a calquera proposta de outorgamento de subvencións e ás propostas que se plantexen deberán estar recollidas no Plan estratéxico de subvencións municipais, tal e como se indicaba no primeiro PES:

De acordo co Regulamento da LGS, deberá de aprobarse un plan estratéxico para cada Ministerio, que abarcará as subvencións tanto dos seus órganos como dos organismos e demais entes públicos a el vinculados. Extrapulado ao ámbito municipal, calquera subvención que sexa outorgada polos departamentos municipais debe de estar recollida neste plan estratéxico, é dicir o **ámbito deste plan sería todas as áreas municipais**.

2.2. Periodo de vixencia.

De acordo co artigo 11.4 do Regulamento da LGS, os plans estratéxicos conterán previsións para un periodo de vixencia de tres anos, salvo que pola especial natureza do sector afectado, sexa conveniente establecer un plan estratéxico de duración diferente.

Tendo presente esta previsión regulamentaria aínda que non aplicable directamente aos municipios, si que é razoable que se tome como referencia. Neste caso e posto que o mandato desta corporación se desenvolve durante 4 anos, parece razoable que esta sexa a vixencia do PES do concello de Cambre, polo que o **3º PES do Concello de Cambre terá vixencia no periodo 2024-2027**

2.3. Competencias do Concello de Cambre e obxectivos estratéxicos do PES.

As competencias nas que se vai desenvolver o plan estratéxico son as seguintes:

Acción Social	Área 1
Educación + servizos complementarios	Área 2
Promoción cultural	Área 3
Festexos e tradicións populares	Área 4
Promoción e fomento de deporte	Área 5
Promoción empresarial	Área 6
Transporte	Área 7
Outras	Área 8

Ademais a aprobación deste plan persigue os seguintes obxectivos:

- Levar a cabo unha profunda modernización do concello en materia de subvencións e apostar pola simplificación e maior control das mesmas.
- A consecución dunha maior eficacia e eficiencia na xestión pública.
- Maior transparencia das mesmas que farán que cada un dos veciños sexa consciente de cómo se empregan os recursos municipais e cal é o fin dese destino dos recursos.

2.4. Estabilidade orzamentaria e austeridade no gasto público.

O PES do concello de Cambre 2024-2027 debe ser coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria que se establece para eses exercicios. Non pode ser doutro modo, dada a importancia política, económica e constitucional do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que está contido no noso bloque interno de constitucionalidade e forma parte dos nosos compromisos irrenunciáveis coa Unión Europea.

Neste senso, debe recordarse que o obxectivo da estabilidade orzamentaria se inclúe expresamente no artigo 135 da Constitución mediante a reforma aprobada o 27 de setembro de 2011:

“Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria”.

Esta previsión constitucional foi desenvolvida mediante a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, cuxo artigo 7 é interesante recordar:

“1. Las políticas de gasto público deberán encuadrarse en un marco de planificación plurianual y de programación y presupuestación, atendiendo a la situación económica, a los objetivos de política económica y al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

2. La gestión de los recursos públicos estará orientada por la eficacia, la eficiencia, la economía y la calidad, a cuyo fin se aplicarán políticas de racionalización del gasto y de mejora de la gestión del sector público.

3. Las disposiciones legales y reglamentarias, en su fase de elaboración y aprobación, los actos administrativos, los contratos y los convenios de colaboración, así como cualquier otra actuación de los sujetos incluidos en el ámbito de aplicación de esta Ley que afecten a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, deberán valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse de forma estricta al cumplimiento de las exigencias de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera”.

Previsións constitucionais e legais que se completan co disposto no artigo 8 LGS, onde se dispón expresamente que os Plans Estratégicos de Subvención se supeditarán en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

3. AS LIÑAS DE SUBVENCIÓN DO CONCELLO DE CAMBRE

3.1. Área 1. Acción social.

Enmárcanse en dúas grandes áreas estratéxicas. Unha primeira liña as emerxencias sociais, que se declara novamente como ampliable en función da demanda da mesma, que é unha das competencias claramente propias dos concellos tras a reforma operada no ano 2013 e que tratan de servir como primeira actuación en casos de necesidade. Esta liña segue a considerarse prioritaria e poderá aumentarse para atender todas as necesidade que sexan demandadas polas veciñas e veciños que cumpran os requisitos da ordenanza reguladora sen máis limitación que a existencia de consignación orzamentaria. Para iso cunha frecuencia cuatrimestral será analizada esta partida por unha comisión mixta intervención-servizo sociais presidida polo Alcalde para, no caso de detectar unha potencial falta de crédito, suplementar esta aplicación mediante modificativo de crédito que terá prioridade fronte a calquera gasto corrente ou subvención do orzamento.

E unha segunda liña implementada, por un lado, a través dunha subvención nominativa e por outro, a través de Subvencións en libre concorrència dirixidas ás asociacións sen ánimo de lucro que ben operan no concello de Cambre ou con veciños de Cambre dentro de ámbitos de integración, multiculturalidade ou atención a persoas sen recursos e aos que, por parte da área de servizos sociais, se considera necesario apoiar economicamente, e axudas individuais a persoas con diversidade funcional co fin de facilitar o acceso ao seu transporte a través de medios adaptados.

Mantense o importe consolidado no exercicio 2021 para as subvencións de libre concorrència por importe de 30.000,00 euros, e o importe de 5.000,00 € na nominativa outorgada a ADRA-Temple, 4.000,00 € na nominativa outorgada a Cruz Vermella. Ademais mantéñese a aportación incrementada no exercicio 2022 ao Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade en 17.000 €.

3.2. Área 2. **Educación + servizos complementarios**

Nesta área establécense catro liñas. A primeira sería a colaboración mediante subvención nominativa con cada unha das ANPAS dos centros de escolarización obrigatoria existentes en Cambre.

Por outro lado becas para poder financiar en libre concorrència aqueles gastos de escolarización obrigatoria non financiados por outras administracións.

Outra liña de libre concorrència, para “ANPAS Centros Escolares” para realizar actividades de promoción educativa, culturais e deportivas.

Por último, o programa Mañanceiro como alternativa que se oferta ás nais e pais para poder conciliar vida familiar e profesional, cuxo importe vese incrementado significativamente a 150.000,00 euros, tendo en conta a previsión de licitación do servizo e tendo en conta os custes actuais.

3.3. Área 3. **Promoción cultural.**

Establécense convenios con determinadas asociacións sen ánimo de lucro con importante implantación cultural no municipio, así como unha liña de 29.000,00 euros para que acudan as demais asociacións en libre concorrència.

3.4. Área 4. **Festexos e tradicións populares.**



Subvención en libre concorrencia ás asociacións de festas para que o concello colabore coa organización das diversas festas parroquiais. Constitúe o obxecto destas subvencións o colaborar no ocio e tempo de lecer e responsabilizar ás comisións da xestión dos mesmos.

3.5. Área 5. **Promoción e fomento de deporte.**

As subvencións que serven para fomentar o deporte en Cambre nas súas dúas vertentes, como instrumento de convivencia e no seu canle de competición, artéllanse a través de dúas liñas. En libre concorrencia, para clubs e entidades veciñais sen animo de lucro, e deportistas de elite, e a través de tres subvencións nominativas para os clubs máis representativos de Cambre, as cales se ven incrementadas respecto a anos anteriores. A subvención nominativa destinada ao Club ciclista Cambre e aos clubs de fútbol de Cambre incrementábase de 31.000,00 a 34.000,00 euros, e a subvención nominativa para o Club Baloncesto Cambre, vese incrementada de 9.000,00 a 10.000,00 euros, tendo en conta o incremento do gasto sufrido nos últimos anos en relación as actividades que organizan.

3.6. Área 6. **Promoción empresarial.**

Establécense tres liñas de acción a través de subvencións en libre concorrencia como son o programa Consolida Cambre, a liña de subvencións dirixida ás asociacións de empresarios do municipio de Cambre, co obxecto de apoiar o estímulo empresarial no término municipal, favorecendo a competitividade das empresas cambresas e a colaboración cos autónomos, e por último unha terceira con fondos da Comunidade Autónoma de Galicia para a contratación do alumnado/traballador do proxecto Obradoiro de Emprego "PROXEDIS CAMBRE".

3.7. Área 7. **Transporte.**

Dotar de soporte orzamentario ao acordo adoptado coa Xunta en materia de transporte metropolitano.

3.8. Área 8. **Outras.**

Para mantemento dos grupos políticos conforme ás bases de execución do orzamento e acordo plenario ao respecto.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PES 2024-2027.

4.1. Grupo para o seguimento e a avaliación do PES 2024-2027.

De conformidade co artigo 12.1.c) do Regulamento da LGS, o PES incluírá o réxime de seguimento e avaliación continúa aplicable ás diferentes liñas de subvencións que se establezan.

Para realizar o seguimento e avaliación do presente PES 2024-2027 formarase un grupo de seguimento integrado polos seguintes membros:

Membros xerais



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Presidente: Alcalde/sa ou concelleiro no que delegue
Concelleiro/a de Facenda
Voceiro de cada grupo con representación no pleno ou concelleiro en quen delegue
Interventor ou funcionario do departamento no que delegue
Funcionario do departamento de intervención designado polo interventor
Secretaría municipal ou persoa en que delegue para os efectos de fe pública (con voz e sen voto)
1 Representante do departamento afectado, que so acudirá se o asunto a tratar inclúe decisións na súa área (so con voto nas subvencións da súa área) a efectos de asesoramento

Membros dos departamentos		
Acción Social	Área 1	Coordinadora da Área ou persoa en quen delegue
Educación	Área 2	Coordinador da Área ou persoa en quen delegue
Promoción cultural	Área 3	
Festexos e tradicións populares	Área 4	
Promoción e fomento de deporte	Área 5	
Promoción empresarial	Área 6	Responsable da Área ou persoa en quen delegue
Transporte	Área 7	Concelleiro/a delegado de Mobilidade

Para que exista quórum deberán estar presentes polo menos a metade dos membros máis un obrigatoriamente (excluídos os representantes do/s departamento/s afectado/s)

Membros obrigatorios para acadar quorum
Presidente: Alcalde ou concelleiro no que delegue
Interventor ou funcionario do departamento no que delegue
Secretaría municipal ou persoa en que delegue para os efectos de fe pública

Reunirse unha vez aprobada a liquidación dos orzamentos antes do 30 de abril do exercicio seguinte para avaliar o cumprimento dos obxectivos marcados en cada unha das subvencións e o grao de repercusión das mesmas.

Tamén se reunirá para os efectos de modificar este plan estratéxico nos termos do apartado seguinte.

Terá a consideración de órgano colexiado é a indemnización por asistencia ao mesmo será a equivalente ao importe establecido por asistencia á Xunta de Voceiros, non devengando retribución ningunha para os concelleiros con dedicación total ou parcial e para os funcionarios soamente cando esta reunión se prolongue fora da súa xornada laboral, tomando como referencia da mesma de (8.00 a 15.00).

4.2. Modificación do PES.

Segundo o artigo 14.1 do Regulamento da LGS, o plan estratéxico poderá ser actualizado anualmente en 2025, 2026 e 2027



coa información relevante dispoñible e remitida por cada un dos departamentos.

A actualización realizarase antes da aprobación dos orzamentos, tendo en conta particularmente o previsto nas leis anuais de Orzamentos Xerais do Estado. A indicada actualización realizarase por parte do Grupo para o seguimento e a avaliación e someterase á aprobación do pleno, e será publicitada nos mesmos termos que a aprobación do mesmo.

Dentro de cada liña poderá actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, tanto polos resultados nos informes de seguimento en canto á consecución dos obxectivos ou a adecuación dos recursos invertidos, como por outros motivos debidamente xustificadas.

Si, con ocasión de modificacións orzamentarias, se pretende introducir algunha liña de subvención non prevista no PES, deberá previa ou simultaneamente modificarse este.

Non será necesaria a modificación do PES nos supostos de modificación de liñas de subvención existentes, cando a modificación consista na variación do importe asignado á mesma, sempre que o resto dos compoñentes desta permanezan sen cambios, feito que deberá acreditarse no expediente, por parte do centro xestor correspondente.

4.3. Informe anual do PES 2024-2027 do Concello de Cambre.

De conformidade co artigo 14.2 do Regulamento da LGS, o Concello de Cambre emitirá antes do 30 de abril de 2025, 2026 e 2027 un informe sobre o grao de avance da aplicación do plan, os seus efectos e as repercusións orzamentarias e financeiras que se deriven da súa aplicación.

Igualmente, antes do 30 de abril de 2028, realizarase un informe final de avaliación do PES.

Os informes a que se refiren os parágrafos anteriores aprobarase por parte do grupo para o seguimento e a avaliación a partir da información subministrada polos técnicos de cada unha das áreas e o resultado do control financeiro levado a cabo polo departamento de intervención municipal.

4.4. Definición de indicadores para a avaliación da eficacia do PES 2024-2027 do Concello de Cambre.

De conformidade co artigo 12.1 c) do Regulamento da LGS, "(...)se deben determinar para cada liña de subvención, un conxunto de indicadores relacionados con los obxectivos del Plan, que recogidos periódicamente por los responsables de su seguimento, permitan conocer el estado de la situación y los progresos conseguidos en el cumplimiento de los respectivos objetivos".

Para os efectos de dar cumprimento á indicada disposición, no marco do grupo para o seguimento e a avaliación do PES 2024-2027 do Concello de Cambre, os responsables da área presentaran un informe por subvención incluíndo a lo menos os parámetros indicados neste plan. Os parámetros para a avaliación serán os seguintes:

Parámetros da avaliación nas subvencións de libre concorrência



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Relativo ás solicitudes	Número de solicitudes	Solicitudes aceptadas rechazadas	
Relativo ós beneficiarios	Número de beneficiarios	Número de solicitantes que cumprindo requisitos quedaron fora da concesión	Número de solicitantes excluídos por no cumprir cas bases.
Relativo ó importe	Contía global aprobada	Contía final repartida entre os beneficiarios	Contía necesaria para cubrir todas as solicitudes levadas a cabo, de ser o caso
Relativo á actividade de fomento	Análise de cumprimento do obxectivo de fomento		
Valoración global			
Elementos	Valoración positiva	Valoración media	Valoración baixa
Bases	10-8	7-5	4-0
Importe	10-8	7-5	4-0
Conclusións			

Parámetros da avaliación nas subvencións nominativas			
Relativo ó Convenio	Cumprimento do mesmo	Operatividade de mesmo	
Relativo ós modelo de concesión	Análise global con subvencións similares	Necesidade de continuar co subvención nominativa ou paso a libre concorrenza	
Relativo ó importe	Contía global aprobada e xustificada	Consideración de suficiencia ou non da mesma	
Relativo á actividade de fomento	Análise de cumprimento do obxectivo de fomento		
Valoración global			
Elementos	Valoración positiva	Valoración media	Valoración baixa
Convenio	10-8	7-5	4-0
Importe	10-8	7-5	4-0
Conclusións			

4.5. Control financeiro do PES 2024-2027.

O control e seguimento do presente **Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Cambre**, realizarase de forma anual, en dous aspectos:

- **Control económico-financiero** das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención municipal, e que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente.
- **Control e seguimento do Plan** que será elaborado pola intervención municipal, para o cal, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos xestores do procedemento de concesión das subvencións, se procederá a remitir no primeiro cuadrimestre do exercicio seguinte, memoria de avaliación financeira. Recopiladas estas se emitirá informe



por parte da intervención municipal e se integrara no informe da avaliación que aprobara a comisión. Finalmente de todas estas actuacións se dará conta ao pleno.

5. APROBACIÓN, PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA DO PES 2024-2027 DO CONCELLO DE CAMBRE

5.1. Aprobación do PES 2024-2027 do Concello de Cambre.

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións é o Pleno municipal, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica, de acordo co previsto no apartado e) do artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local.

5.2. Publicidade do PES 2024-2027.

O acordo plenario polo que se proceda á aprobación do PES 2024-2027 será comunicado aos xefes de cada área.

Igualmente, o PES 2024-2027, así como as súas actualizacións e informes anuais de avaliación, se publicarán na páxina web municipal (www.cambre.org), séndolle de aplicación así mesmo calquera outras disposicións en materia de información e transparencia previstas en cada momento no ordenamento xurídico.

5.3. Transparencia

Todas as subvencións concedidas polo concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na web municipal (www.cambre.org), no Taboleiro de anuncios físico, no Boletín Oficial correspondente, cando sexa necesario, e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando o beneficiario, a contía concedida e o proxecto ou acción á que vai destinado.

Anexo: Fichas individualizadas das liñas de subvencións.

Acción Social	Area 1	Código 1.1
AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL		
a. Obxectivo estratéxico	Consiste en facerse cargo dos gastos correspondentes a axudas de emerxencia social das que se benefician familias usuarias do departamento de Servizos Sociais, as cales precisan dunha resposta urxente e inmediata a necesidades de carácter primario. Diríxese a familias que se encontran desprotexidas e con escasos recursos económicos.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">• Priorizar as necesidades básicas (alimentación, saúde,...) para un adecuado desenvolvemento persoal e físico facendo fincapé en aqueles colectivos afectados polo estado de alarma decretado polo goberno central.• Manter a familia como unidade básica de convivencia• Axudar á familia a atravesar determinadas situacións críticas por carecer de recursos económicos suficientes para unha digna calidade de vida• Facer fronte a situacións de desprotección• Evitar situacións de marxinación• Axudar a conseguir a súa autonomía económica• Conseguir a súa integración social	
c. Prazo	Anual	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

d. Custo presupostado	220.000,00 € (ampliáveis sen límite máximo)
e. Fonte de financiamento	Recursos propios e Deputación provincial (POS + AD 2024 Gastos sociais extraordinarios).
f. Procedemento de concesión	Concesión directa
g. Plan de actuación	Por procedemento legalmente establecido para este tipo de axudas coas limitacións establecidas nas leis sectoriais e a ordenanza municipal reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no programa de intervención familiar

Acción Social	Área 1	Código 1.2
ASOCIACIÓNS SEN ANIMO DE LUCRO DE CARÁCTER SOCIAL		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar o desenvolvemento de proxectos por parte das entidades de acción social e sen ánimo de lucro, que beneficien aos veciños e veciñas de Cambre no ámbito social (proxectos con colectivos vulnerables en risco de exclusión social e/ou colectivos específicos tales como persoas maiores, persoas con diversidade funcional, persoas inmigrantes,...)	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- Reforzar a intervención cos colectivos máis vulnerables e en risco de exclusión social.- Apoiar ás familias dos colectivos máis vulnerables e en risco de exclusión social.- Previr situacións de desprotección.- Evitar situacións de marxinação.- Promover a súa autonomía funcional e social.- Favorecer a integración social.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	30.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Acción Social	Área 1	Código 1.3
BONOTAXI PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E MOBILIDADE REDUCIDA		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuir a proporcionar un medio alternativo de transporte adaptado a aquelas persoas con diversidade funcional, gravemente afectadas na súa mobilidade, e que teñan dificultades para utilizar o transporte público colectivo, e así poder mellorar o pleno desenvolvemento dunha vida social autónoma.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- Favorecer a súa autonomía- Fomentar a integración deste colectivo- Facilitar unha vida social activa e autónoma	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	18.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.	

Acción Social	Área 1	Código 1.4
ADRA - TEMPLE		
a. Obxectivo estratéxico	Atender aos colectivos máis vulnerables do municipio de Cambre, centrándose fundamentalmente no reparto de alimentos, roupa, produtos de hixiene persoal e para a limpeza, material escolar,...	
b. Obxectivo específico	Dotar dun espazo á entidade para que se preste unha atención personalizada aos colectivos máis vulnerables do municipio de Cambre, para axudar a cobertura das súas necesidades básicas de subsistencia	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	5.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Acción Social	Area 1	Código 1.5
CRUZ VERMELLA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Atender aos colectivos máis vulnerables do municipio de Cambre, centrándose fundamentalmente na xestión e reparto de alimentos da Despensa Municipal de Alimentos de Cambre.	
b. Obxectivo específico	Ceder a xestión da Despensa Municipal de Alimentos de Cambre para realizar o reparto de produtos de primeira necesidade á veciñanza en situación de vulnerabilidade de Cambre.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	4.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	100%	
f. Fonte de financiamento	Recursos Propios	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de Convenio	

Acción Social	Area 1	Código 1.6
FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE		
a. Obxectivo estratéxico	Reducir a vulnerabilidade e factores de risco en nenos e nenas en idade preescolar a través do acceso á educación e saúde	
b. Obxectivos específicos	Promover o acceso dos nenos e nenas aos servizos educativos preescolares e desenvolvemento de hábitos saudables. Mellorar o servizo de saúde materno infantil na unidade sanitaria de Massaca 1.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	17.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	100%	
f. Fonte de financiamento	Recursos Propios	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de Convenio	

Educación	Area 2	Código 2.1
BECAS DE ESTUDIO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar o estudo	
b. Obxectivo específico	Favorecer a escolarización dos veciños e veciñas de Cambre en idade escolar.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	24.000,00 € (18.000,00 € gasto corrente e 6.000 € investimento)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Educación	Area 2	Código 2.2
PROGRAMA MAÑANCEIRO		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Favorecer a conciliación da vida familiar e laboral das familias de Cambre con nenos e nenas en idade escolar.	
c. Prazo	Anual	
d. Custe da achega	150.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realízase a través da asunción polo concello de parte do custo do servizo e o establecemento de bonificacións ás tarifas a aboar polo usuario, tal e como se aproben polo Pleno e se estableza nos pregos da licitación.	

Educación	Area 2	Código 2.3
EDUCATIVAS LIBRE CONCORRENCIA		



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

a. Obxectivo estratéxico	Fomentar actividades nos centros educativos
b. Obxectivo específico	Favorecer o desenvolvemento de actividades de promoción educativa, cultural e deportiva nos centros escolares
c. Prazo	Anual
d. Custe da achega	8.000,00 €
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases da convocatoria.

Educación	Área 2	Código 2.4
ANPA CEIP W. FDEZ FLOREZ		
a. Obxectivo estratéxico	Promoción do deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	32.120,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Educación	Área 2	Código 2.5
ANPA CEIP PORTOFARO		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	20.020,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Educación	Área 2	Código 2.6
ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	19.759,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Educación	Área 2	Código 2.7
ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	22.589,60 euros	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Educación	Área 2	Código 2.8
ANPA CEIP O GRAXAL		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte e a cultura; fomentar accións encamiñadas á conciliación da vida laboral e familiar	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento de actividades culturais e deportivas	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	20.342,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.1
CULTURAI LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer a iniciativa cidadán organizada para o desenvolvemento de eventos de natureza cultural, no respecto dos valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Organización de actividades periódicas e/ou actos puntuais de natureza cultural para a poboación en xeral.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	29.000,00 € (25.000 € gasto corrente e 4.000 € investimento)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución esta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.2
ASOCIACIÓN SEMENTEIRA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Favorecer o desenvolvemento persoal e comunitario e a comunicación por medio da linguaxe universal por excelencia, a música.	
b. Obxectivo específico	- Proporcionar unha formación musical teórica e práctica de base á poboación interesada - Realizar espectáculos musicais de carácter afeccionado para disfrute da poboación.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	63.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Promoción cultural	Área 3	Código 3.3
FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLOREZ		
a. Obxectivo estratéxico	Facilitar o desenvolvemento persoal e comunitario por medio do coñecemento e da práctica de distintas manifestacións culturais: o teatro, a literatura e outras tradicións culturais (a música tradicional)	
b. Obxectivo específico	- Proporcionar espazos para a lectura de obras literarias, para o encontro e o diálogo con artistas, a formación e a experimentación do teatro afeccionado e a música vocal tradicional. - Realizar espectáculos de música, teatro, encontros con artistas, escritores, etc, á poboación.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	12.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Festexos e tradicións populares	Área 4	Código 4.1
COMISIÓNS DE FESTAS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Apoiar a iniciativa cidadán para a organización de diversas actividades de ocio e tempo libre respectando os valores democráticos.	
b. Obxectivo específico	Canalizar os intereses veciñais e organizar eventos públicos de natureza festiva para o ocio e tempo de lecer	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	47.000,00 € (40.000 € festas e 7.000 € aparellos)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.1
ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS LIBRE CONCORRENCIA		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuír ao fomento das entidades deportivas municipais	
b. Obxectivo específico	- Apoiar ás entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas - Apoiar ás entidades na adquisición de equipamentos deportivos - Apoiar ás entidades nos desprazamentos a competicións deportivas fóra da comunidade autónoma	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	43.000 € (22.000 € gasto corrente, 8.000 € formación, 6.000 € desprazamentos de equipos de deportistas e material deportivo e 7.000 € investimento)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.2
BOLSAS DEPORTISTAS		
a. Obxectivo estratéxico	Contribuír ao fomento dos deportistas de Cambre	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción dos deportistas de Cambre a nivel nacional /europeo/ mundial	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	16.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria	

Deportes	Área 5	Código 5.3
CAMBRE BALONCESTO		
a. Obxectivo estratéxico	Promoción do deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do baloncesto, especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	10.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Deportes	Área 5	Código 5.4
CLUBS DE FÚTBOL DE CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Promoción do deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do fútbol, especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

d. Custo presupostado	34.000,00 €
e. Porcentaxe máx. da achega	90%
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.
g. Procedemento de concesión	Nominativa
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio

Deportes	Área 5	Código 5.5
CLUB CICLISTA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Promocionar o deporte escolar e federado	
b. Obxectivo específico	Apoiar o desenvolvemento e promoción do ciclismo especialmente o escolar e de base	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	34.000,00 €	
e. Porcentaxe máx. da achega	90%	
f. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
g. Procedemento de concesión	Nominativa	
h. Plan de actuación	Sinatura de convenio	

Promoción económica	Área 6	Código 6.1
CONSOLIDA CAMBRE		
a. Obxectivo estratéxico	Incentivar o mantemento de empresas e fomentar a actividade económica de acordo co disposto na lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa de aplicación	
b. Obxectivo específico	Contribuír á consolidación de empresas no municipio de Cambre, o que contribuirá á dinamización e fortalecemento do noso tecido empresarial e polo tanto, a seguir xerando emprego no noso territorio.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	80.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrència	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria pública. As axudas, serán definidas na convocatoria correspondente que deberá ser aprobadas polo órgano competente.	

Promoción económica	Área 6	Código 6.2
SUBVENCIÓNS Á ASOCIACIÓNS DE EMPRESARIOS		
a. Obxectivo estratéxico	Fomentar lazos de colaboración cos interlocutores económicos do territorio co fin de potenciar o crecemento e mantemento do noso tecido empresarial, a través de accións de dinamización do comercio, hostalaría, servizos e industrias do noso municipio.	
b. Obxectivo específico	Consolidar e mellorar noso tecido comercial, industrial e de servizos facendolo máis competitivo e especializado. Manter o emprego estable a través da consolidación e o crecemento das empresas establecidas no municipio e establecer e manter novos canais de colaboración. A situación de recesión económica que provocó desde o ano 2020 o Covid-19, acentuado pola crise enerxética e, como non, os efectos derivados da guerra de Ucraia, están afectando de forma significativa ao tecido empresarial do municipio e en concreto ao comercio polo miúdo, a hostalaría, a restauración, os servizos relacionados co ocio, o tempo de lecer e a cultura e os servizos persoais, sectores que sufriron e siguen a sufrir unha caída notable dos seus ingresos. A esta circunstancia debemos engadir os problemas xerados na actualidade pola inflación provocada polo incremento dos prezos enerxéticos, o custo das materias primas e outros factores que redundan nunha redución de márxenes de beneficio e nunha ralentización da actividade económica xeral. Por este motivo é imprescindible seguir apoiando esta liña de actuación, considerara de especial interese, precisando un mantemento orzamentario que permita paliar os efectos negativos na nosa economía co fin de recuperar e impulsar a actividade económica e o emprego no municipio	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	50.000,00 €	



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

e. Fonte de financiamento	Recursos propios.
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria

Promoción económica	Área 6	Código 6.3
INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DOS PARTICIPANTES NO PROXECTO OBRADORIO DE EMPREGO "PROXEDIS CAMBRE"		
a. Obxectivo estratéxico	Inserción laboral do alumnado traballador do proxecto Obradorio de Emprego "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XERiatría e DIScapacidade)	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- Impulsar a contratación laboral do alumnado traballador do proxecto "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XERiatría e DIScapacidade)- Mellorar o nivel de cualificación profesional do alumnado traballador.- Que o alumnado traballador adquira a formación e a experiencia necesaria enmarcada nos certificados de profesionalidade aprobados nos Reais Decretos correspondentes a cada especialidade (atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade), adaptando aos nosos traballadores nas novas esixencias do mercado e as demandas da normativa da Unión Europea, relativa ao sistema xeral de recoñecemento da formación profesional nos estados membros. Ademais da adquisición de formación transversal (inserción laboral, igualdade, sensibilización ambiental, alfabetización dixital, etc) e preparación para obter a ESA, para aquelas persoas que non contén coa titulación académica.- Mellorar o perfil profesional do alumnado traballador cara a inserción no mercado de traballo.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	30.000,00 €	
e. Fonte de financiamento	Comunidade Autónoma de Galicia (subvención para o proxecto "PROXEDIS Cambre" (PROfesionais en XERiatría e DIScapacidade))	
f. Procedemento de concesión	Libre concorrencia	
g. Plan de actuación	O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria pública	

TRANSPORTE	Área 7	Código 7
TRANSPORTE METROPOLITANO		
a. Obxectivo estratéxico	Establecer melloras na comunicación do núcleo de Cambre coas parroquias así como as liñas interurbanas.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- O fomento do transporte público como alternativa sostible ao transporte privado.- Fomentar as comunicacións de todas as parroquias.- Evitar o illamento de núcleos peor comunicados- Evitar o illamento de persoas que non poidan conducir vehículos privados.	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	160.000,00 € (ampliabile conforme liquidación da Xunta)	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios.	
f. Procedemento de concesión	Conforme a convenio da Xunta	
g. Plan de actuación	Sinatura de convenio coa Xunta	

Outros	Área 8	Código 8
SUBVENCIÓN GRUPOS POLÍTICOS		
a. Obxectivo estratéxico	Colaborar no mantemento dos grupos políticos.	
b. Obxectivo específico	<ul style="list-style-type: none">- Fomentar a participación política.- Custear gastos de traballo dos grupos.- Permitir o traballo dos diversos grupos representados no pleno de maneira digna	
c. Prazo	Anual	
d. Custo presupostado	35.200,00 €	
e. Fonte de financiamento	Recursos propios	
f. Procedemento de concesión	Mixta (nominativa condicionada a bases de execución e acordo plenario)	
g. Plan de actuación	Regulada en bases de execución e acordo plenario	

»”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, e o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 13 de maio de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 13 de maio de 2024 (CVD: Gj9aserrg0IRsDm5Tlae), que devén en acordo nos termos transcritos.

1.2. PROPOSTA DE ADHESIÓN Á CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEGAMP PARA A PRESTACIÓN DOS SERVIZOS POSTAIS E TELEGRÁFICO

Acceso á videoacta – 00:10:59 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2024 (CVD: 03L7JL5RdE123g4uiRuH), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 20 de xuño de 2024, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A Lei 9/2017, do 8 novembro de 2017, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), recolle na súa exposición de motivos que:

«(…/…) Respecto da parte correspondente á execución dos contratos, hai que facer unha especial referencia (…/…) **ás medidas de racionalización técnica da contratación**, estruturadas en dous elementos, os acordos marco e os sistemas dinámicos de adquisición, destacando aquí o novo réxime que se establece nesta Lei respecto da contratación centralizada. Toda esta materia, a racionalización técnica da contratación, regúlase nun capítulo específico dentro do Título I do Libro Segundo, diferente ás normas referidas á preparación e á adxudicación dos contratos, por canto aquela ten substantividade propia, e aínda que moitos dos artigos que a regulan entrarían dentro desa preparación e adxudicación dos contratos, tamén hai outros que regulan aspectos referidos para os efectos e extinción.”; tendo a súa tradución normativa no Capítulo II, do Título I, do Libro II, baixo do título de racionalización técnica da contratación(artigos 218 a 230).»

Visto que ata o día de hoxe os servizos postais e telegráficos do Concello de Cambre viñan prestándose a través do convenio de colaboración que dende o ano 2010 teñen subscrito Correos e a Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante, FEGAMP).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Visto o correo electrónico remitido a esta Alcaldía o pasado 6 de xuño de 2024 no que a Federación Galega de Municipios e Provincias comunica que, por acordo da Comisión Executiva de data 21 de maio de 2024, aprobou a creación dunha Central de Contratación para a licitación dos servizos postais e telegráficos necesarios no ámbito da FEGAMP e das súas entidades asociadas, ao abeiro do previsto nos artigos 227 e 228 da Lei de contratos do sector público.

Vista a necesidade de dar continuidade á prestación dos servizos postais e telegráficos, considero necesario para o Concello de Cambre a adhesión á dita central de contratación, isto tendo en conta, ademais, que entre os seus obxectivos están os de favorecer o principio de simplificación administrativa, homoxeneizar o réxime de prestación dos servizos, evitando desigualdades na súa execución e prestación, e aproveitar ao máximo os recursos económicos mantendo e mellorando a calidade dos servizos.

Visto o RC con nº de operación: 17/2024 – 220240007357, de data 14 de xuño de 2024 (Código para validación: L08RB-G5I3I-8P775), por importe de 15.000,00 euros, na que consta a seguinte nota:

“Nota de Interventor (LUCIA MATA RODRIGUEZ) en nome de Xestor de Intervención: La existencia de crédito para los ejercicios posteriores a 2024 queda condicionada a la efectiva consignación en los presupuestos correspondientes.”

Visto canto antecede, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Adherirse á Central de Contratación da FEGAMP, co fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contratados por esta.

Segundo.- Adherirse ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos celebrado pola dita Central de Contratación durante o prazo establecido nel, incluídas as prórrogas que eventualmente se acorden, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a Central de Contratación da FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

Terceiro.- Comprometerse a consignar nos orzamentos correspondentes o crédito necesario para facer fronte as obrigas económicas derivadas do contrato que se subscriba.

Cuarto.- Con relación á adhesión específica ao contrato centralizado de servizos postais e telegráficos, o Concello de Cambre obrígase a:

- Facultar á alcaldesa para designar en cada momento á persoa de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Central de Contratación da FEGAMP, así como notificar calquera modificación que se produza.
- Proporcionar á Central de Contratación da FEGAMP canta información e documentación lle sexa requirida en relación coa execución dos servizos contratados.
- Poñer en coñecemento da Central de Contratación da FEGAMP as demoras nos prazos de entrega, defectos na prestación dos servizos ou calquera outro incumprimento total ou parcial relacionado co contrato, para a adopción das medidas oportunas.
- Realizar a recepción dos servizos e efectuar o seu pago nos termos contemplados no contrato.
- En relación á facturación, o Concello de Cambre está adherido á utilización da Plataforma FACE-Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, á cal pode acceder a través da URL: <https://face.gob.es>. Os tres códigos necesarios para a presentación da correspondente factura son os seguintes:

Oficina Contable	Órgano Xestor	Unidade Tramitadora
GE0002418 INTERVENCIÓN	LA0004868 ALCALDÍA	LA0004869 CONCEJALÍA HACIENDA

- Comprometerse a actualizar calquera dato de contacto ou facturación en canto este se produza.



Quinto.- Facultar á alcaldesa para a formalización de cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.

Sexto.- Remitir certificación deste acordo á FEGAMP.”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada da proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), do/a Sr./Sra.: Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2024 (CVD: 03L7JL5RdE123g4uiRuH), que devén en acordo nos termos transcritos.

1.3. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 2/2024 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 2/2024

Acceso á videoacta – 00:13:08 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2024 (CVD: vaNTQErNEzklz2dRv104), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión ordinaria de data 20 de xuño de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚMERO 2/2024 E CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚMERO 2/2024

Visto que a liquidación do orzamento do exercicio 2023 arroxa un Remanente Líquido de Tesourería positivo de 19.692.181,52 euros.

Visto que o superávit orzamentario derivado da liquidación do exercizo 2023 situase en 4.576.545,04 euros.

Visto que as regras fiscais aplicables as Administracións Públicas quedan reactivadas no 2024.

Visto que, dado que as regras fiscais estiveron suspendidas no ano 2023 non é de aplicación o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira relativo ao destino do superávit. Nenbargantes, debe terse en conta que a utilización do superávit resultante da liquidación orzamentaria de 2023 terá efecto sobre o cumprimento do superávit orzamentario e da regra de gasto de 2024.

Vista a memoria de Alcaldía (CVD: OzKweVozd7fKD2G7DmUI) se detallan e xustifican os gastos obxecto deste expediente.

Vista a imposibilidade de demorar este gasto e a imposibilidade de financiamento mediante baixas noutras aplicacións.



Visto que de conformidade coas disposicións legais vixentes, cando deba realizarse algún gasto e o crédito consignado no Orzamento sexa insuficiente, a Corporación poderá acordar unha concesión de suplemento de crédito, e cando o crédito consignado no Orzamento sexa inexistente, de crédito extraordinario.

Visto o disposto na décimo segunda das Bases de execución do orzamento para 2023 prorrogado ao 2024, e a dispoñibilidade de financiamento con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Visto o informe da intervención municipal referencia LMR CE02_SC02 / 2024, asinado o 14.06.2024 (CVD: nVtZckN/czBeyWsi8EYH) coas seguintes conclusións:

“(.../...)IV) CONCLUSIÓN.S.

Infórmase desfavorablemente no que respecta ao cumprimento do requisito exixido polo artigo 177.1 do TRLFL (...Cuando haya de realizarse algún gasto que no pueda demorarse hasta el ejercicio siguiente...) polos motivos sinalados na consideración xurídica TERCEIRA.DOUS do presente informe (.../...)”

Visto o informe da intervención municipal referencia LMR ESTABILIDADE CE02_SC02 / 2024, asinado o 14.06.2024 (CVD: rRACc0jqSZj0fT7cdJlx) coas seguintes conclusións:

“(.../...)4. CONCLUSIÓN.S SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E NIVEL DE DÉBEDA.

As regras fiscais quedan reactivadas para o ano 2024, pero dado que as mesmas estiveron suspendidas no ano 2023 non é de aplicación o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira relativo ao destino do superávit derivado da liquidación do exercicio 2023. Nembargantes, debe terse en conta que a utilización do superávit resultante da citada liquidación terá efecto negativo sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto na liquidación do exercicio 2024.

De conformidade có sinalado no punto 3.2 do presente informe, a aprobación do modificativo de crédito CE02SC02 implicará, con toda probabilidade, o incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria na liquidación do exercicio 2024 dando lugar, no exercicio 2025, á aplicación das medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril.

En canto ao cumprimento da regra de gasto, verificarase con obxecto da aprobación da liquidación do exercicio 2024 sendo que, en caso de incumprimento, tamén procederá á aplicación no exercicio 2025 das medidas preventivas, correctivas e coercitivas previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril. (.../...)”

É polo que propoño ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 2/2024 por importe 3.170.365,42 euros e crédito extraordinario por importe de 633.199,15 euros segundo a memoria de Alcaldía (CVD: OzKweVozd7fKD2G7DmUI) e cuxo detalle e o que segue:

Créditos necesarios:

Aplicación	Denominación	Créditos iniciais	Mod. anterior	Mod. proposta	Créditos definitivos
132 20400	Alquiler elementos de transporte seguridad y orden público	36.000,00 €	- €	33.820,99 €	69.820,99 €
151 22706	Estudios y trabajos técnicos de urbanismo	218.000,00 €	- €	80.182,89 €	298.182,89 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

161 22101	Suministro agua	600.000,00 €	- €	600.000,00 €	1.200.000,00 €
160 22799	Depuración aguas residuales y alcantarillado	378.000,00 €	- €	263.136,44 €	641.136,44 €
171 21000	Mante. Infraestructuras parques y jardines	50.000,00 €	- €	50.000,00 €	100.000,00 €
171 22799	Servicio mantenimiento de jardines	500.000,00 €	- €	66.490,66 €	566.490,66 €
1721 22699	Otros gastos diversos protección medioambiente	26.828,35 €	- €	24.001,06 €	50.829,41 €
1721 22606	Conferencias y cursos medioambiente	15.000,00 €	- €	600,00 €	15.600,00 €
231 21200	Manten. Edificios aten. Social primaria	2.000,00 €	- €	760,29 €	2.760,29 €
231 48000	Ayudas emergencia social	119.029,62 €	- €	9.458,00 €	128.487,62 €
311 22799	Servicio de desratización	20.500,00 €	- €	10.189,94 €	30.689,94 €
323 21200	Mantenimiento edificios enseñ. Infantil y primaria	102.500,00 €	- €	50.281,42 €	152.781,42 €
323 45100	Liquidación Consorcio Galego Servizos Sociais	160.000,00 €	- €	58.568,95 €	218.568,95 €
341 22799	Servicios actividades deportivas	86.000,00 €	- €	87.168,89 €	173.168,89 €
433 22699	Otros gastos diversos promoc. act. económica	150.000,00 €	- €	59.618,93 €	209.618,93 €
920 22799	Otros trabajos realizados Adm. General	100.000,00 €	- €	90.000,00 €	190.000,00 €
920 22100	Energía eléctrica Adm General	150.000,00 €	- €	150.000,00 €	300.000,00 €
920 22200	Servicio de Telecomunicaciones Admin. General	90.000,00 €	- €	90.000,00 €	180.000,00 €
931 22708	Servicios de recuadación	378.000,00 €	- €	280.821,80 €	658.821,80 €
334 21200	Manten. Edificios promoc. Cultural	30.000,00 €	- €	77.641,87 €	107.641,87 €
241 22700	Limpieza fomento de empleo	25.000,00 €	- €	25.774,93 €	50.774,93 €
163 22700	Limpieza viaria	340.000,00 €	- €	100.000,00 €	440.000,00 €
231 22799	Servicio Ayuda a Domicilio	1.234.000,00 €	150.000,00 €	107.497,00 €	1.491.497,00 €
151 60000	Expropiaciones	- €	- €	30.100,00 €	30.100,00 €
151 35200	Intereses de demora	- €	- €	3.000,00 €	3.000,00 €
231 22611	Actividades Tercera Edad	- €	- €	33.000,00 €	33.000,00 €
151 61900	REURBANIZACIÓN CALLE MARÍA MARIÑO	30.000,00 €	162.467,74 €	12.145,40 €	204.613,14 €
161 61900	OTRAS INVERSIONES DE REPOSICIÓN DE SANEAMIENTO	- €	- €	325,36 €	325,36 €
165 60900	MEJORA EFICIENCIA ENERGÉTICA ALUMBRADO 2º ANUALIDAD	- €	55.212,95 €	66.911,71 €	122.124,66 €
171 61900	MEJORA FUNCIONAL PARQUE RAMÓN	- €	138.822,00 €	472.855,34 €	611.677,34 €



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	BARBA				
342 62200	COMPLEJO DEPORTIVO MUNICIPAL DE LA BARCALA	- €	- €	271.579,47 €	271.579,47 €
342 62200	GRADAS CUBIERTAS Y VESTUARIOS CAMPO F/TBOL DE BREXO. POS+ ADIC. 1/2019	- €	- €	111.457,02 €	111.457,02 €
342 62500	MOBILIARIO INSTALACIONES DEPORTIVAS	- €	11.929,27 €	19.904,50 €	31.833,77 €
432 60900	ÁREA DE AUTOCARAVANAS	- €	- €	11.441,23 €	11.441,23 €
454 61900	Otras inv. Reposic. Caminos vecinales	- €	457.321,77 €	48.475,70 €	505.797,47 €
459 61900	Otras inver. Reposic. otras infraestruc.	- €	- €	9.081,34 €	9.081,34 €
920 62600	EQUIPOS INFORMÁTICOS ADMINISTRACIÓN XERAL	- €	- €	2.722,50 €	2.722,50 €
933 62200	DESMONTE DE MURO EN LEMA	- €	- €	14.821,60 €	14.821,60 €
1532 60900	FASE III MEJORA ESPACIO P/BL. Y REGENERACI" N URBANA O TEMPLE.POS+19 APORT2018	- €	199.885,16 €	10.634,57 €	210.519,73 €
1532 61900	MEJORA ACCESIBILIDAD Y SEGURIDAD PEATONAL ACERAS AC-214 Y RUA CARBALLO	- €	13.255,51 €	453,75 €	13.709,26 €
1532 61900	PROYECTO REMODELACI" N Y CONEXI" N EXTERIOR CONCELLO DE CAMBRE	- €	13.255,51 €	12.641,06 €	25.896,57 €
1532 62500	MOBILIARIO URBANO	- €	9.644,91 €	1.696,42 €	11.341,33 €
1532 62500	MOBILIARIO URBANO	- €	9.644,91 €	1.499,07 €	11.143,98 €
342 61900	REPOSICIÓN CESPED SINTÉTICO CAMPO DE LENDOIRO	- €	30.000,00 €	33.450,47 €	63.450,47 €
165 61900	OTRAS INVERSIONES DE REPOSICIÓN DE ALUMBRADO	- €	- €	2.175,12 €	2.175,12 €
1532 62500	IMPLANTACIÓN DE ARBOLADO EN LOS ESPACIOS PÚBLICOS	- €	9.644,91 €	2.588,38 €	12.233,29 €
1532 60900	FASE II MEJORA ESPACIO PÚBLI. Y REGENERACIÓN URBANA O TEMPLE	- €	194.378,18 €	1.815,99 €	196.194,17 €
151 22706	Estudios y trabajos técnicos urbanismo	218.000,00 €	- €	169.279,00 €	387.279,00 €
342 21300	Reparación maquinaria instalaciones deportivas	- €	- €	6.050,00 €	6.050,00 €
342 22606	Reuniones, conferencias y cursos	- €	- €	2.600,00 €	2.600,00 €
342 62300	Maquinaria, instalaciones técnicas instalaciones deportivas	- €	- €	26.014,91 €	26.014,91 €
326 48902	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO	- €	- €	32.120,00 €	32.120,00 €

CVD: lvctm4v1phcpz6bzj1q7
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

	FERNANDEZ FLÓREZ				
326 48903	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO	- €	- €	20.020,00 €	20.020,00 €
326 48904	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ	- €	- €	19.759,00 €	19.759,00 €
326 48905	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER (SIGRAS)	- €	- €	22.589,60 €	22.589,60 €
326 48906	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL	- €	- €	20.342,00 €	20.342,00 €
TOTAL MODIFICACIÓN PROPOSTA SC 2/2024 – CE2/2024				3.803.564,57 €	

Recursos:

Tal como se mencionou anteriormente, os recursos desta modificación de crédito proceden do remanente de tesourería derivado da liquidación do exercicio 2023

Concepto orzamentario	Consignación dacordo coas MC financiadas con RTGXerais aprobadas a 14.06.2024	Mod. Proposta SC 2/2024 – CE2/2024	Total consignación resultante
870.00	59.317,77€	3.803.564,57 €	3.862.882,34 €
TOTAL MODIFICACIÓN PROPOSTA SC 2/2024 – CE2/2024		3.803.564,57 €	

Resumo:

Cantidad que se utiliza procedente do Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais 2023	3.803.564,57 €
Procedente de novos ou maiores ingresos no Presuposto corrente	0,00€
Por baixas por anulación parcial ou total doutras partidas no Presuposto	0,00€
Procedente de operación de crédito	0,00€

IMPORTE TOTAL RECURSOS FINANCIACION..... 3.803.564,57 €

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerárase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederase á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Cuarto: No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveraaas o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederase como se indicou no parágrafo anterior.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen dá lectura extractada da proposta.

Intervenien a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, e a Sra. alcaldesa.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Nove (9), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0)

Abstencións: Once (11), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcero Quiñoy, Rodríguez López, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 15 de xuño de 2024 (CVD: vaNTQErNEzklz2dRv104), que devén en acordo nos termos transcritos.

1.4. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2024

Acceso á videoacta – 00:30:05 horas

A Presidencia somete a debate e votación do Pleno a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 18 de xuño de 2024 (CVD: VXPj/rkGoRQFGvpYFaKh), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Recursos Humanos, Cultura, Deportes e Xuventude, na sesión ordinaria de data 20 de xuño de 2024, que transcrita di:

«PROPOSTA DA CONCELEIRA DELEGADA DA AREA DE SERVIZOS SOCIAIS E RECURSOS HUMANOS

A Relación de Postos de Traballo (en adiante RPT) é un instrumento técnico a través do cal cada administración pública estrutura a súa organización, cualifica os postos de traballo existentes no seu ámbito e determina o seu contido, procurando organizar, racionalizar e ordenar o persoal co obxecto de facilitar unha eficaz prestación dos servizos públicos.

Toda RPT é susceptible de ser modificada seguindo o procedemento legalmente establecido para iso, non hai máis que ler a diario os Boletíns Oficiais da Provincia para darse conta diso ou ver incluso neste Concello as distintas modificacións que dende 1999 nesta RPT se realizaron.

Agora ben, si se leva a cabo unha modificación da RPT é para tratar de mellorar a organización existente, procurando racionalizar a mesma e procurando ordenar da mellor maneira posible o persoal existente así como o contido dos seus postos de traballo, e todo iso co fin de obter unha mellor prestación dos servizos públicos

O Concello de Cambre ten unha RPT aprobada no ano 1999 da que se foron facendo distintas modificacións ao longo destes anos para procurar unha mellor organización do persoal adaptada ás novas necesidades, hoxe en día existen varios



postos vacantes que resultan obsoletos e cuxas funcións non se corresponden coas necesidades deste Concello ou coas funcións que na realidade realizaban, polo que, propónse a súa transformación en postos que si son necesarios para esta corporación.

Así ocorre cos postos vacantes de “Operario Parque Móbil e Inmóbles” e “Traballadora familiar” que cando quedaron vacantes xa non realizaban as funcións de controlar e manter o parque móbil municipal, e tampouco as de asistencia domiciliaria no caso da traballadora familiar debido a que este concello ten asignado dito servizo dende hai anos a unha empresa externa realizándose, sen embargo, en ditos postos funcións subalternas que non son as propias dos mesmos. O mesmo ocorre co posto de “Auxiliar monitora da terceira idade” cuxas funcións relacionadas coa terceira idade xa non realiza senón que desempeña funcións de apoio ás Bibliotecas Municipais, tamén recollidas na súa ficha da RPT que son mais acordes coa ficha de auxiliar de biblioteca e arquivo.

E o mesmo se pode dicir do posto vacante de Técnico de xestión de Administración Xeral que actualmente realiza tarefas de apoio propias dun técnico de xestión (A-2) e propónse transformalo nun posto tamén da Escala de Administración Xeral pero que poida formular propostas de carácter administrativo de nivel superior propias unicamente dos técnicos A-1 desta Escala, habida conta das necesidades de persoal técnico que existe no departamento de contratación deste Concello.

Pois precisamente estas son as motivacións para esta proposta de modificación da RPT, transformar postos vacantes (Operario parque móbil e Inmóbles e Traballadora familiar) ou proximamente vacantes (Auxiliar monitora da terceira idade), obsoletos e desfasados, que xa non son necesarios para a actual organización municipal, con funcións atribuídas na RPT que xa non se exercen ou que exercen funcións que non lles corresponden ou que non son as propias de ditos postos, ou con funcións que poden ser ampliadas para a mellora da organización como é a transformación do posto vacante de Técnico de xestión de Administración Xeral (Subgrupo A-2) en Técnico de Administración Xeral (Subgrupo A-1), tal e como se expón no informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior do 7 de maio do 2024, emitido por providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior de data 13 de marzo do 2024.

Con data 13 de maio do 2024 se celebra sesión da Mesa de Negociación para tratar esta proposta de modificación puntual da RPT na que o único sindicato presente, CCOO, se manifesta a favor da mesma votando favorablemente.

O órgano competente para a aprobación dunha RPT, así como da súa modificación, é o Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22-2,i) da Lei 7/1985 Reguladora das bases do réxime local, sen que para elo se esixa unha maioría cualificada.

Visto todo canto antecede, así como os informes emitidos polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 7 de maio do 2024 (CVD: nWRiRuWUarVyTEF2L6Jc), da secretaria do 23 de maio do 2024 (CVD: AqHoBI7LdTtq4SJ6A3BF), da interventora con emisión de reparo suspensivo de data 11 de xuño do 2024 (CVD: 2D1BfluWGg3j+B08WJk8) e do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 17 de xuño do 2024 (CVD: ZYzsPewcVs2pOwcKfPKx), que manifesta discrepancia respecto a dito reparo suspensivo, pola Concellería delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos elévase ao Pleno Municipal a seguinte proposta de ACORDOS a adoiar:

1º.-) Levantar o reparo suspensivo formulado no informe de fiscalización da interventora municipal do 11 de xuño do 2024 relativo á modificación puntual da Relación de Postos de Traballo/2024 segundo o detallado no informe de discrepancia ao reparo suspensivo emitido pola xefatura da Área de Urbanismo e Réxime Interior en data 17 de xuño do 2024.

2º.-) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo consistente no cambio de denominación e transformación dos postos de operario parque móbil e inmóbles e de traballadora familiar en conserxes, de auxiliar monitora da terceira idade en auxiliar de biblioteca -arquivo e de técnico de xestión de Administración Xeral (contratación) en Técnico de Administración Xeral – contratación administrativa.

3º.-) Aprobar inicialmente as fichas da Relación de Postos de Traballo correspondentes aos postos de conserxes, auxiliar de biblioteca-arquivo e de técnico de Administración Xeral-contratación tal e como a continuación se transcriben, suprimindo simultaneamente as fichas da Relación de Postos de Traballo de operario de parque móbil e inmóbles, de traballadora familiar, de auxiliar monitora da terceira idade e de técnico de xestión de Administración Xeral (contratación):



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN GENERAL-CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Responsable de contratación administrativa. Tramitación de los expedientes de contratación administrativa, incluyendo tanto la ordenación como la instrucción y el seguimiento de los mismos. Relaciones con la intervención municipal y los técnicos responsables en las contrataciones administrativas. Mesas de Contratación. Funciones de apoyo y gestión encomendadas por la Secretaría General y aquellas que por delegación de esta le sean conferidas.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código: AL151700015 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS :
SUBGRUPO : A1
ESCALA : Administración General
SUBESCALA : Técnica
CLASE :

FORMACION ESPECÍFICA:

Título de Licenciado o Graduado en Derecho, en Económicas o Empresariales, o en Ciencias Políticas.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 25

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 17.095,54 euros (1221,11 MES+2 pagas) (*)

OBSERVACIONES: (*) Corresponde al complemento específico del año 2023 con la inclusión del incremento del 0,5% previsto en el artículo 19 dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el 2023 (BOE nº 239 de 6 de octubre de 2023).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: CONSERJE

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Tareas de vigilancia, custodia, porteo, control de entrada en las oficinas municipales e información, seguimiento y control de máquinas reproductoras y cualquier otra función de conserjería que le sea encomendada. Atención e información inicial al público.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 5 (urbanismo régimen interior 1, cultura, educación y deportes 3, C.F.O. 1)

Código: AL151700037 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS :
GRUPO : Otras agrupaciones profesionales.
ESCALA : Administración General
SUBESCALA : Subalterna
CLASE :

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 14

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 4.097,10 euros (292,65 MES+2 pagas) (*)

OBSERVACIONES: (*) Corresponde al complemento específico del año 2023 con la inclusión del incremento del 0,5% previsto en el artículo 19.dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el 2023 (BOE nº 230 de 6 de octubre de 2023).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: AUXILIAR DE BIBLIOTECA-ARCHIVO

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realiza tareas administrativas de asistencia al Bibliotecario-archivero.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 7
Código: AL151700044 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS :
SUBGRUPO : C2
ESCALA : Administración Especial
SUBESCALA: Servicios Especiales
CLASE : Cometidos especiales

FORMACIÓN ESPECÍFICA:
Graduado escolar, FP I o equivalente.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:
Distorsión horaria.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO: nivel 18
COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 4.961,32 euros (354,38 MES + 2 pagas) (*)

OBSERVACIONES: (*) Corresponde al complemento específico del año 2023 con la inclusión del incremento del 0,5% previsto en el artículo 19 dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el 2023 (BOE nº 239 de 6 de octubre de 2023).

4º.-) Someter a información pública e a través de anuncio a publicar no Boletín Oficial da Provincia o presente acordo modificativo da Relación de Postos de traballo polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do Emprego Público de Galicia.»

Consta no expediente informe de Secretaría, de data 23 de maio do 2024 (CVD: AqHoBI7LdTtq4SJ6A3BF), no que se informa desfavorablemente a modificación da relación de postos de traballo a que se refire a proposta do xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de data 7 de maio de 2024 (CVD: nWRiRuWUarVyTEF2L6Jc).



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Consta no expediente informe de Intervención referencia LMR modificación puntual da Relación de Postos de Traballo /2024, de data 11 de xuño de 2024 (CVD: 2D1BfluWGg3j+B08WJk8), no que se informa desfavorablemente a modificación da Relación de Postos de Traballo con emisión de reparo suspensivo ao abeiro do artigo 216.2.c) do TRLFL.

Consta no expediente informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, de data 17 de xuño do 2024 (CVD: ZYzsPewcVs2pOwcKfPKx), que manifesta discrepancia respecto do reparo suspensivo emitido pola interventora municipal no seu informe á modificación puntual da relación de postos de traballo de data 11 de xuño de 2024.

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra á Sra. Díaz Baldomir, quen explica a proposta.

Intervenien a concelleira do PP, Sra. Espiñeira Galán, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a Sra. alcaldesa.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 18 de xuño de 2024, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido e Díaz Baldomir.

Votos en contra: Catro (4), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez e Lamela Vázquez.

Abstencións: Nove (9), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerero Quiñoy, Rodríguez López, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais e Recursos Humanos de data 18 de xuño de 2024 (CVD: VXPj/rkGoRQFGvpYFaKh), que devén en acordo nos termos transcritos.

1.5. MOCIÓN XURXENTES EN ASUNTOS DE COMPETENCIA DE PLENO SEGUNDO O ARTIGO 22 DA LEI 7/1985, QUE NON FIGUREN NA ORDE DO DÍA

Acceso á videoacta – 00:48:30 horas

A) A Sra. Presidenta intervén e manifesta que desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, a moción de aprobación da segunda modificación da base de execución do orzamento reguladora das subvencións nominativas coa finalidade de incorporar os convenios coas Anpas correspondentes ao curso escolar 2023-2024.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do citado asunto, que é aprobada por unanimidade.

A continuación, a Presidencia somete a debate e votación a moción de Alcaldía de data 19 de maio de 2024 (CVD: 2aHEYiMmoEniQKKzeeF9).



Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Mallo Castro, quen en primeiro lugar informa da existencia dun erro no cadro que figura no punto primeiro dos acordos, relativo ao importe da subvención do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, de xeito que:

Onde di:

APLICACION	SUBVENCIÓN NOMINATIVA	IMPORTE 2024
326 48902	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ (curso 2023-2024)	30.120,00 €
(.../...)		

Debe dicir:

APLICACION	SUBVENCIÓN NOMINATIVA	IMPORTE 2024
326 48902	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ (curso 2023-2024)	32.120,00 €
(.../...)		

A moción, coa modificación realizada, di:

«MOCION DE APROBACIÓN DA SEGUNDA MODIFICACIÓN DA BASE DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO REGULADORA DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS COA FINALIDADE DE INCORPORAR OS CONVENIOS COAS ANPAS CORRESPONDENTES AO CURSO ESCOLAR 2023-2024.»

A Constitución Española, no seu artigo 27 establece o dereito á educación de todos os españois e recoñece a liberdade de ensinanza. Ademais, dispón que a educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana. No seu artigo 43.3. establece que os poderes públicos fomentarán a educación sanitaria, a educación física e o deporte. Así mesmo facilitarán a adecuada utilización do ocio.

Entre os fins do sistema educativo español, segundo a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, encontrase o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades dos alumnos e a adquisición de hábitos intelectuais así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte. A Lei orgánica 8/1985, 3 de xullo, reguladora do dereito á educación no seu artigo 5.2 b), estipula que as asociacións de pais de alumnos, asumirán entre outras, a finalidade de colaborar coas actividades educativas dos centros. No seu artigo 6.3, modificado pola Lei orgánica 2/2006, recoñécese como dereito básico dos alumnos á formación integral dos mesmos que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade.

O Concello de Cambre ten atribuídas competencias na promoción do deporte e a cultura, conforme se estipula no artigo 25 l) e m), da Lei 7/1985, de 2 de abril, na redacción dada pola, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

Hai anos, o Concello de Cambre puxo en marcha un Programa de actividades extraescolares nos centros docentes de Cambre como complemento da formación académica dos nenos e nenas, co fin de colaborar no proceso de formación integral dos mesmos, e como medida de conciliación laboral e familiar. A este, de forma paralela, sumáronse as ANPAS de cada un dos centros, que ofertaron de forma coordinada co programa municipal ás súas actividades.



Co paso dos anos, a demanda destas actividades aumentou debido ao crecemento da poboación en idade escolar producido no noso municipio. Por iso, as ANPAs tamén aumentaron a súa actividade e adquiriron un importante protagonismo nos seus centros. Esta situación, aínda que foi moi positiva, afectou ao desenvolvemento do programa municipal, facendo complicado a coexistencia dos dous programas paralelamente, xa que se duplica a oferta, se aplican diferentes prezos para actividades similares segundo as oferte a ANPA ou o Concello e o uso das instalacións tense que coordinar entre ambos.

Tendo en conta isto, no curso escolar 2008-2009, o Concello de Cambre, dende a súa concellería de Educación, Deportes e Xuventude deu un xiro a este Programa, presentando aos alumnos e alumnas do municipio unha única oferta de Programa de actividades extraescolares en cada centro educativo, desenvolvido polas ANPAs nos diferentes CEIP co respaldo económico do Concello de Cambre.

Visto o bo resultado acadado nos pasados cursos escolares e a conveniencia de manter este sistema de xestión conxunta do programa de actividades extraescolares nos centros escolares de Cambre.

Visto que as Asociacións de Nais e Pais dos CEIP Wenceslao Fernandez Flórez, CEIP Portofaro, CEIP Emilio González López, CEIP Gonzalo Torrente Ballester e CEIP O Graxal constitúense como entidades sen ánimo de lucro, con sede en Cambre, adicadas a colaborar no ámbito educativo e, en especial, a completar a formación cultural e deportiva a través da oferta de actividades extraescolares no seu centro.

Visto que o Concello de Cambre considera de gran importancia o desenvolvemento, con carácter continuado, dun programa de actividades extraescolares nos centros educativos para colaborar no proceso de formación integral dos escolares.

Visto o informe có asunto *informe que se emite polo coordinador da Área de Cultura, Deportes e Educación relativo a aos convenios e subvencións pendentes*, asinado o 15.05.2024 (CVD: J3bRlPpOpbuKjKZVLWon) no que se detallan, entre outras, as seguintes subvencións nominativas pendentes:

“(…/…)”

10. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA FENDETESTAS DO CEIP WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000007): *Pendente 1ª e 2ª achega:* 30.120,00 €
- 2023-2024 *Pendente sinatura convenio:* 32.120,00 €

Aplicación			2024	2023
326	489.02	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ	32.120,00 €	30.120,00 €
			62.240,00 €	

IMPORTE NECESARIO 62.240,00 €

11. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA A CURUXA DO CEIP PORTOFARO

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000005): *Pendente única achega:* 16.776,00 €
- 2023-2024 *Pendente sinatura convenio:* 20.020,00 €

Aplicación			2024	2023
326	489.03	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO	20.020,00 €	16.776,00 €



36.796,00 €

IMPORTE NECESARIO 36.796,00 €

12. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA BREXO-LEMA DO CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000006): Pendente única achega: 18.211,91 €
- 2023-2024 Pendente sinatura convenio: 19.759,00 €

Aplicación			2024	2023
326	489.04	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ	19.759,00 €	18.211,91 €
			37.970,91 €	

IMPORTE NECESARIO 37.970,00 €

13. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA GONZALO TORRENTE BALLESTER - SIGRÁS

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000009): Pendente única achega: 22.013,44 €
- 2023-2024 Pendente sinatura convenio: 22.580,60 €

Aplicación			2024	2023
326	489.05	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER (SIGRAS)	22.589,60 €	22.013,44 €
			44.603,04 €	

IMPORTE NECESARIO 44.594,04 €

14. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMBRE E A ANPA MENCER DO CEIP GRAXAL II

Pendente:

- 2022-2023 (2022/A004/000008): Pendente 2ª e 3ª achega: 6.976,00 €
- 2023-2024 Pendente sinatura convenio: 20.342,00 €

Aplicación			2024	2023
326	489.06	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL	20.342,00 €	6.976,00 €
			27.318,00 €	

IMPORTE NECESARIO 27.318,00 € (.../...)"

Visto que o Pleno en sesión do 27.05.2024 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito número SC1/2024 CE1/2024 por importe 702.752,01 € coa finalidade de suplementar as aplicacións orzamentarias correspondentes a subvencións e convenios pendentes de pago de anos anteriores a 2024 así como a modificación da base cuadraxésimo sexta das de execución do orzamento prorrogado 2023 (CVD: dSzh39QyYI+yorx3RUHu) coa finalidade de engadir un apartado denominado BIS.- Subvencións respecto das cales, con carácter excepcional e estrictamente para o exercicio 2024, acorda mantense o seu carácter nominativo

Unha vez comprobado que os créditos precisos para a cobertura dos gastos correspondentes á anualidade 2024 (curso escolar 2023-2024) foron os consignados inicialmente no orzamento do exercicio 2023, os cales, en cumprimento dos



artigos 169.6 do TRLFL e 21.2 do RD 500/1990 de 20 de abril e ao abeiro da Circular 1/2019 da Intervención Xeral da Administración do Estado de 27 de marzo, foron obxecto de axustes á baixa e perderon a súa “nominatividade”.

É prioritario asinar os convenios do curso 2023/2024 coas ANPAS do Concello de Cambre para que poidan continuar ofertando actividades extraescolares e así garantir a conciliación laboral e familiar ,así como, co obxectivo de poñer ao día o pago destas subvencións.

Polo anterior, por providencia do 18.06.2024 (CVD: skmhtXqN8r+K5mArMMPE) dispuxen o inicio do expediente de modificación da base de execución cuadraxésimo sexta das de execución do orzamento 2023 prorrogado (CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu) reguladora das subvencións nominativas e, no caso de que se aprobe definitivamente o orzamento do exercicio 2024, considerar que a modificación realizase á base de execución cuadraxésimo sexta das do citado orzamento (CVD: O7nrxYKWXBk1Elr/a48).

A interventora emitiu informe referencia LMR MODIFICACION BASE NOMINATIVAS-BIS /2024 o 18.06.2024 (CVD: BuAbrCIPn5mF/y1YXsBL) coas seguintes conclusións:

“(…/…) IV) CONCLUSIONES.

A existencia de crédito queda condicionada á aprobación definitiva da modificación de crédito o expediente de suplemento de crédito número 2/2024 por importe de 3.170.365,42 euros e de crédito extraordinario número 2/2024 por importe de 633.199,15 euros (expediente tedec número 2024/G006/000133)

Reiterase que estase a vulnerar o principio de anualidade regulado no artigo 176 do TRLFL (…/…)”

É polo que propono ao Pleno do Concello de Cambre a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Aprobar a modificación da base de execución cuadraxésimo sexta reguladora das subvencións nominativas (CVD: dSzh39QyYl+yorx3RUHu) coa finalidade de engadir un apartado BIS.2- nos seguintes termos:

“BIS.2- Subvencións respecto das cales, con carácter excepcional e estrictamente para o exercicio 2024, acorda mantense o seu carácter nominativo.

APLICACION	SUBVENCIÓN NOMINATIVA	IMPORTE 2024
326 48902	Convenio ANPA CEIP WENCESLAO FERNANDEZ FLÓREZ (curso 2023-2024)	32.120,00 €
326 48903	Convenio ANPA CEIP PORTOFARO (curso 2023-2024)	20.020,00 €
326 48904	Convenio ANPA CEIP EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ (curso 2023-2024)	19.759,00 €
326 48905	Convenio ANPA CEIP G. TORRENTE BALLESTER (SIGRAS) (curso 2023-2024)	22.589,60 €
326 48906	Convenio ANPA CEIP O GRAXAL (curso 2023-2024)	20.342,00 €

”.



No caso de que se aprobe definitivamente o orzamento do exercicio 2024, a modificación proposta entenderase realizada á base de execución cuadraxésimo sexta do citado orzamento (CVD: O/7nrxYKWXBk1EIr/a48).

Segundo: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Terceiro: No caso de que non haxa reclamacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior. De seguido, procederase á publicación do acordo definitivo, tal e como o esixe o artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei das Facendas Locais e artigos 34, 40, 41, 20 e 22 do R.d. 500/1990, do 20 de abril.

Cuarto: No caso de que as persoas interesadas presenten reclamacións, resolveraaas o Pleno Corporativo cos informes oportunos previos. Unha vez que o Pleno as resolva, procederase como se indicou no parágrafo anterior.

Quinto: Condicionar a aprobación definitiva do presente acordo, aos efectos de garantir a existencia de crédito axeitado e suficiente, á aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito número 2/2024 por importe de 3.170.365,42 euros e de crédito extraordinario número 2/2024 por importe de 633.199,15 euros.»

Intervenien o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o concelleiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, o concelleiro de UxC, Sr. Mallo Castro, o voceiro de AV, Sr. Varela Fraguío, e a Sra. alcaldesa.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción da Alcaldía de data 19 de xuño de 2024, coa modificación efectuada, tal e como foi transcrita, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dezaioito (18), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Dúas (2), do/a Sr./Sra.: Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción da Alcaldía de data 19 de xuño de 2024, que devén en acordo nos termos transcritos.

Acceso á videoacta – 01:06:09 horas

B) A Sra. Presidenta intervéen e manifesta que hai unha moción do grupo municipal do BNG relativa á personación do Concello de Cambre no procedemento dilixencias previas DPA Dilig. Previas Proc. Abreviado 259/2023, e concede o uso da palabra á Sra. Prieto Miramontes, quen di que cren que o feito de que un Goberno municipal se persone nun acto que está neste momento xudicializado; di que cren que é importante polo prexuízo económico que poida ser para as arcas municipais e, polo tanto, para todo o Concello de Cambre. Di que encontran de sumo interese que o concello se persone e, polo tanto, sexa tido en conta en todo o procedemento levado a cabo.

De seguido a Presidencia somete a votación ordinaria a urxencia do citado asunto, obténdose o seguinte



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Prieto Miramontes, Cubeiro Fernández, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido e Díaz Baldomir.

Abstencións: Ningunha (0).

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a urxencia da moción.

A continuación, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Varela Fraguío, quen propón que o asunto quede sobre a mesa para mellor análise.

A Sra. presidenta intervéen e amosa a súa conformidade e somete a votación ordinaria a proposta de deixar a moción presentada polo BNG sobre a mesa, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Dez (10), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Boga Moscoso, López Saborido, Díaz Baldomir, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Votos en contra: Seis (6), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Prieto Miramontes e Cubeiro Fernández.

Abstencións: Catro (4), dos/as Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy e Rodríguez López.

Á vista do resultado da votación, queda sobre a mesa a moción do grupo municipal do BNG relativa á personación do Concello de Cambre no procedemento dilixencias previas DPA Dilig. Previa Proc. Abreviado 259/2023.

A continuación, interveñen a concelleira do BNG, Sra. Prieto Miramontes, e a voceira do PP, Sra. Piñeiro Fernández.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

Acceso á videoacta – 01:13:52 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

2.2. MOCIÓNS DOS GRUPOS MUNICIPAIS

Acceso á videoacta – 01:13:55 horas

Non se presenta ningún asunto neste punto da orde do día.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. INFORMES DO EQUIPO DE GOBERNO

Acceso á videoacta – 01:14:01 horas

De orde da Presidencia, a Sra. secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Da aceptación expresa do réxime de retribución e dedicación acordado polo Pleno o 30 de maio de 2024 e atribuído aos concelleiros e concelleiras por Resolución da Alcaldía núm. 696/2024, do 31 de maio. Todas as aceptacións tiveron lugar o 3 de xuño de 2024.
- Da Resolución da Alcaldía núm. 725/2024, do 11 de xuño, cuxa parte dispostiva transcrita di:

“**Primeiro:** Avocar a delegación xenérica da área de Cultura, Deportes e Xuventude a prol do cuarto tenente de alcaldesa, don David López Saborido, dende o día 11 ao 19 de xuño de 2024, ambos os dous incluídos, a partir da cal continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía mediante Resolución núm. 469/2024, do 12 de abril.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

3.2. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ADOPTADOS POR DELEGACIÓN DA ALCALDÍA

Acceso á videoacta – 01:14:51 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas, que comprenden un total de 102 resolucións numeradas da 676 á 777 do ano 2024 que se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
676/2024	27-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria do Pleno municipal de data 30 de maio de 2024
677/2024	27-05-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: LVP
678/2024	27-05-2024	Dar de baixa o recibo AGC que se aprobou no Padrón da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, correspondente ao 2023, por resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm. 900/2023 de data 19.05.2023, por incorrer nun erro nos datos identificativos do obrigado tributario, NIF, así como todas as actuacións. Aprobar a liquidación correspondente á taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase anualidade 2023 por importe de 31 euros
679/2024	29-05-2024	Arquivar o expediente instruído a JGC e MJP ao terse constatado que os vertidos denunciados foron retirados da finca sita en Sigrás
680/2024	29-05-2024	Iniciar procedemento sancionador a MGC para determinar a súa responsabilidade e



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da presunta comisión dunha infracción consistente no depósito de restos de poda nun camiño público sito en San Lorenzo de Meixigo
681/2024	29-05-2024	Ordenar a AMC que rectifique as deficiencias existentes na parcela sita en Cecebre, para o cal deberá retirar os materiais residuais existentes na finca, debendo depositalos nun punto limpo e rozar a vexetación existente na parcela
682/2024	29-05-2024	Revogar aos beneficiarios que indican, con efectos 1 de xaneiro de 2024, as bonificacións do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos nas cotas da taxa por subministración de auga potable e da taxa pola rede de sumidoiros, por non achegar debidamente os datos económicos actualizados acreditadores da súa falta de capacidade económica, ou non estar empadroado na vivenda obxecto de bonificación de conformidade co artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e co apartado 1 do artigo 5 da ordenanza fiscal núm.15 reguladora da taxa por subministración de auga
683/2024	29-05-2024	Revogar aos beneficiarios que indican, con efectos 1 de xaneiro de 2024, as bonificacións do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos nas cotas da taxa por subministración de auga potable e da taxa pola rede de sumidoiros, por non achegar debidamente os datos económicos actualizados acreditadores da súa falta de capacidade económica, ou non estar empadroado na vivenda obxecto de bonificación de conformidade co artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9 reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros e co apartado 1 do artigo 5 da ordenanza fiscal núm.15 reguladora da taxa por subministración de auga
684/2024	29-05-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
685/2024	30-05-2024	Aprobar a nómina do mes de maio do 2024 por un importe total retribucións brutas 351.679,14 euros
686/2024	30-05-2024	Convocar sesión extraordinaria da Comisión Especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal para o martes 4 de xuño de 2024, ás 11:00 horas
687/2024	31-05-2024	Conceder a licenza para a instalación dunha terraza consistente en dúas mesas durante o mes de xuño e segundo semestre do ano 2024 fronte á cafetería situada na rúa Curros Enríquez, parroquia do Temple, segundo o esbozo que se achega, condicionado a que a terraza se instale nos marxes da beirarrúa, sen exceder a fronte do establecemento e deixando libre un espazo mínimo de 1,5 metros para permitir o paso de peóns, cadeiras de bebé e persoas con mobilidade reducida. Solicitante: MLS
688/2024	31-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 15/04/2024, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios. Solicitante: EYRL
689/2024	31-05-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 3 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: JLMA
690/2024	31-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 24/05/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.4, non está debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: GYQN
691/2024	31-05-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 29/02/2024, xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o saldo medio de aforro bancario supera o máximo establecido pola ordenanza. Solicitante: SCdelOB
692/2024	31-05-2024	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Social do mes abril de 2024, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos e o seu pagamento por un importe total de 81.401,96 €
693/2024	31-05-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 4 de xuño de 2024
694/2024	31-05-2024	Conceder a aplicación da bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9, con efectos do primeiro trimestre de 2024. Denegar a solicitude de bonificación do 100% sobre o mínimo facturable para usos domésticos, tanto na taxa de subministración de auga, establecida no artigo 5.1 da ordenanza fiscal núm. 15, como na taxa pola rede de sumidoiros, establecida no artigo 6 da ordenanza fiscal núm. 9 con efectos do primeiro trimestre de 2024
695/2024	31-05-2024	Conceder, a partir da facturación correspondente ao primeiro trimestre do ano 2024 a bonificación establecida no artigo 5, apartado 2 da ordenanza fiscal núm. 15 reguladora da taxa por subministración de auga, por cumprir os requisitos establecidos, e aplicar a tarifa 1.B do Epígrafe 1.Usos domésticos, da ordenanza fiscal núm. 15. Aplicar dende o primeiro trimestre de 2024 de conformidade co disposto nos apartados B e C, do artigo 4 da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais. Dar de baixa, con efectos do primeiro trimestre de 2024, a bonificación do 50% na tarifa recollida no artigo 3º da ordenanza da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais
696/2024	31-05-2024	Determinación dos cargos que exercerán as súas funcións coas retribucións e réxime de dedicación acordados polo Pleno municipal en sesión ordinaria de data 30 de maio de 2024
697/2024	03-06-2024	Convocatoria da sesión extraordinaria do Pleno municipal de data 6 de xuño de 2024
698/2024	04-06-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
699/2024	04-06-2024	Inscribir o can identificado como Ken de raza pitbull (mestizo), sexo macho, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: ASS
700/2024	04-06-2024	Inscribir o can identificado como Roma de Xeyver de raza rottweiler, sexo femia, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: DLR
701/2024	04-06-2024	Inscribir o can identificado como Kenia de raza pitbull, sexo femia, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: ASS
702/2024	04-06-2024	Inscribir o can identificado como Cuba de raza dogo de Burdeos, sexo femia, no Rexistro municipal de animais potencialmente perigosos. Solicitante: ASS
703/2024	06-06-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a AVP e JJMGB co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas na parcela sita en Cecebre, consistentes en dúas construcións (un caseto e un galiñeiro) sen título habilitante, de conformidade co disposto polo artigo 153 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia
704/2024	05-06-2024	Delegar no concelleiro don Juan González Leirós a competencia para recibir o consentimento na celebración do matrimonio de dona NBV e don JRV
705/2024	06-06-2024	Desestimar a solicitude de impulso do expediente realizada por JNL por canto que o expediente xa estaba rematado na data de presentación do escrito, sen que se teña producido paralización do mesmo imputable a esta administración. Desestimar as denuncias presentadas por JNL relativas á construción dunha caseta e unha cheminea a á utilización da dita cheminea
706/2024	06-06-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 5 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: PLF
707/2024	06-06-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: TYTdeO
708/2024	07-06-2024	Nomear DGV auxiliar administrativa interina encadrada na escala de administración xeral, subescala auxiliar, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C2 e adscrita a Secretaría
709/2024	07-06-2024	Aprobar a lista provisional de admitidos/excluídos para nomeamentos de técnicos de Administración Xeral interinos. Designar membros do tribunal cualificador deste proceso selectivo
710/2024	07-06-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 11 de xuño de 2024
711/2024	07-06-2024	Cesar con data 10 de xuño de 2024 a MBN por finalizar a causa que deu lugar ao seu nomeamento
712/2024	10-06-2024	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 6/2024 por importe de 148.404,71 euros
713/2024	10-06-2024	Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 4/2024 por un importe de 62.620,00 euros
714/2024	10-06-2024	Nomear a AJSS conserxe interino encadrado na escala de administración xeral, subescala Subalterna, pertencente ao grupo "Outras Agrupacións Profesionais sen requisito de titulación" e adscrito ao departamento de Educación por cobertura de vacante
715/2024	10-06-2024	Conceder a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 4 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora. Solicitante: NMVA
716/2024	11-06-2024	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2023 número 4/2024 por importe de 186.438,72 euros
717/2024	11-06-2024	Nomear a AFS informadora xuvenil interina, encadrada na escala de Administración especial, subescala servizos especiais, clase cometidos especiais, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional C2, adscrita á Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) por substitución transitoria da titular do posto
718/2024	11-06-2024	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MLTV
719/2024	11-06-2024	Aprobar a realización "Programa Mañanceiro" no curso escolar 2024-2025 e as súas condicións de desenvolvemento
720/2024	11-06-2024	Iniciar os trámites para a imposición de multas coercitivas a UFD DE, S.A., con periodicidade trimestral e por un importe, cada vez, de 1000,00 €, ata o íntegro cumprimento da resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras e Servizos do día do día 14 de decembro de 2024, ao non ter presentado con carácter previo á realización dos traballos ordenados, unha comunicación previa
721/2024	11-06-2024	Declarar a caducidade do expediente ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo, de acordo co establecido nos artigos 25 e 95.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 164.2



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Iniciar procedemento sancionador a FGC, como consecuencia da presunta comisión dunha infracción moi grave, consistente no exercicio da actividade do local denominado café bar sito na rúa Polígono, O Temple
722/2024	11-06-2024	Conceder a licenza para a división do local comercial de 149,27 m ² , sito na praza da Ría, O Temple en tres locais de 83,78 m ² , 59,03 m ² e 6,46 m ² e autorizar o cambio de uso dos dous primeiros a vivenda e o de 6,46 m ² a acceso. Solicitante: DDCS
723/2024	11-06-2024	Devolución do aval depositado para garantir a correcta execución da obra urbanizadora vinculada a construción da vivenda unifamiliar sita no lugar de Meixigo, parroquia de Cambre, por importe de 5.229,24 euros. Solicitante: BCP
724/2024	11-06-2024	Expedientes sancionadores de tráfico
725/2024	11-06-2024	Avocación de competencias do concelleiro delegado da área de Cultura, Deportes e Xuventude don David López Saborido dende o día 11 ao 19 de xuño de 2024
726/2024	11-06-2024	Cesar con data 11 de xuño do 2024 á auxiliar administrativa interina RMBR polo transcurso do prazo de tres meses establecido na resolución de nomeamento por exceso ou acumulación de tarefas núm. 266 emitida o 7 de marzo do 2024
727/2024	12-06-2024	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade que pola súa discapacidade se lle recoñece ter dificultades graves de mobilidade que lle dificultan a utilización de transportes colectivos. Solicitante: MldelaIG
728/2024	12-06-2024	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de CPB para que rectifiquen as deficiencias existentes na vexetación proveniente da finca sita Bribes
729/2024	12-06-2024	Denegar a axuda económica de emerxencia social para a atención dos gastos derivados da vivenda habitual, concretamente para recibo de auga establecida no artigo 7, solicitada o 01/04/2024 por non ser posible a instrución e resolución do procedemento antes do 19/04/2024, data do vencemento do recibo solicitado. Solicitante: MEG
730/2024	12-06-2024	Autorizar a apertura da urna perimetral sinalada co número 5, letra A no cemiterio municipal de Cambre solicitada por MFG en data 22 de febreiro de 2024, co obxecto de inhumar o cadáver MGV
731/2024	12-06-2024	Aprobar o padrón das taxas por prestación do servizo público de subministración de auga potable e rede de sumidoiros, así como da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga da Xunta de Galicia, correspondente ao primeiro trimestre de 2024, no que constan 12.713 recibos por un importe de 687.590,92 euros
732/2024	13-06-2024	Adxudicar á entidade mercantil La Ley Soluciones Legales, S.A., o contrato de adquisición de 3 licenzas do produto "El Consultor Premium", para uso dos titulares dos departamentos de Alcaldía, Secretaría e Intervención, no importe de 5.047,20 €, sen IVE (6.107,11 €, IVE incluído), isto con base no disposto na Disposición Adicional Novena da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
733/2024	13-06-2024	Iniciar expediente de orde de execución a ELQ, SLQ e JLQ para a roza da vexetación existente na parcela sita no lugar de San Paio, Brexo, ao estar xerando unha situación de inseguridade, de acordo co disposto polos 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia e 19 da Ordenanza municipal de limpeza viaria. Conceder audiencia ao interesados polo prazo de dez días
734/2024	13-06-2024	Iniciar procedemento sancionador a CI y SSA para determinar a súa responsabilidade e no seu caso a sanción correspondente como consecuencia da presunta comisión dunha infracción consistente no depósito de materiais residuais nunha parcela municipal sita na rúa Polígono, s/n, O Temple, estando tipificados tales feitos coma infracción de carácter grave polo artigo 27 b) número 5 da Ordenanza municipal de limpeza viaria e ornato público sendo a sanción proposta a de multa de 751 euros.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		Conceder audiencia aos interesados polo prazo de quince días.
735/2024	13-06-2024	Iniciar procedemento sancionador a C.L.C. como consecuencia da presunta comisión de dunha infracción de carácter grave, consistente na utilización dun equipo informático que reproduce música dixital, en cafetería sita na rúa Tapia, O Temple, ao non estar previsto na documentación técnica achegada coa comunicación previa, apreciándose a circunstancia agravante de negligencia e intencionalidade de quen realice a infracción, ao non ter emendado as deficiencias detectadas, tendo transcorrido con creces o prazo concedido, incumprindo ademais a orde de suspensión da reprodución de música acordada por resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 09/03/2020, sendo a sanción proposta a de multa de 1.000 euros. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de quince días.
736/2024	13-06-2024	Incoar expediente de reposición da legalidade urbanística a JLGP, herdeiros de JGP, VMGM e MGM co obxecto de determinar a compatibilidade co ordenamento urbanístico vixente das obras realizadas na parcela sita en Estrada de Espírito Santo, Cecebre, consistentes na colocación dunha pedra entre o camiño público municipal 1C.1.0325 e a vivenda sita en lugar de Pontido, Sigrás, sen título habilitante. Conceder audiencia aos interesados polo prazo de quince días.
737/2024	13-06-2024	Aceptar a renuncia formulada por SBB á solicitude de axuda económica de emerxencia social para gastos derivados da vivenda habitual, presentada en data 10/01/2024 e con número de rexistro de entrada 202400200000793.
738/2024	13-06-2024	Revogar a resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras de data 10/03/2021, pola que se acorda executar subsidiariamente os traballos de xestión da biomasa ordenados no expediente Núm. 2020/V001/000113 mediante resolución do mesmo concelleiro delegado de data 01/09/2020, ao terse constatado que o interesado executou os citados traballos, que foron comunicados no expediente 2021/U026/000191, sen que se realizara a execución subsidiaria polo Concello, e en consecuencia arquivar o citado expediente.
739/2024	14-06-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 18 de xuño de 2024
740/2024	14-06-2024	Cesamento con data 16 de xuño do 2024 do funcionario interino VMC polo transcurso do prazo máximo de duración do programa de carácter temporal e duración determinada de tres anos cunha prórroga de 12 meses, de conformidade cos artigos 23.2 c) e 24.3.c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
741/2024	17-06-2024	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas Permanentes do día 20 de xuño de 2024
742/2024	17-06-2024	Rectificación da Resolución 741/2024, do 17 de xuño, de convocatoria da sesión ordinaria das comisións informativas permanentes do Concello de Cambre por erro na data de celebración da sesión
743/2024	18-06-2024	Levantamento do reparo suspensivo formulado no informe de fiscalización da interventora municipal do 27 de marzo do 2024, no relativo ás gratificacións por servizos extraordinarios pendentes dos meses de maio a setembro do 2023, nos termos da proposta que consta no informe do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior emitido en data 11 de xuño de 2024; e aprobación da nómina de atrasos de gratificacións por servizos extraordinarios pendentes dos meses de maio a setembro do 2023 por importe bruto de 14.283,47 €
744/2024	18-06-2024	Concesión a EB dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos B anuais por importe de 150 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 6 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
745/2024	18-06-2024	Concesión a CAC dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
746/2024	18-06-2024	Concesión a WDRO dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
747/2024	18-06-2024	Concesión a JLLN dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
748/2024	18-06-2024	Aprobación da incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2023 número 3/2024 por importe de 139.511,57 euros, financiada en 138.011,57 euros con remanente de tesourería para gastos xerais e en 1.500,00 euros con compromiso de ingreso. Autorización da posterior anulación parcial deste expediente naqueles importes en que por calquera circunstancia se viran minorados os recursos que o financian.
749/2024	19-06-2024	Resolución de inicio de procedementos sancionadores de tráfico por importe de 200 euros
750/2024	19-06-2024	Concesión a IUP a axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
751/2024	19-06-2024	Aprobación da liquidación das retencións do Imposto sobre a renda das persoas físicas practicadas por este concello por rendementos do traballo ao persoal municipal no mes de maio de 2024 por importe de 51.770,98 euros.
752/2024	19-06-2024	Aprobación do padrón do prezo público por actividades deportivas do Programa das Escolas de Actividade Física e Saúde ano 2024 correspondente ao mes de xaneiro 2024 que comprende 254 recibos e 133 cotas cero por un importe total de mil douscentos oitenta euros con corenta e oito céntimos (1.280,48 €)
753/2024	19-06-2024	Concesión e baixa de bonificacións da cota da taxa por subministración de auga e da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola depuración, para vivendas nas que convivan máis de cinco persoas ou o pagador da póliza de abono ostente a condición de familia numerosa (2º trimestre 2024).
754/2024	19-06-2024	Aprobación dos padróns do ano 2024 da taxa pola prestación de servizos no cemiterio municipal, por importe de 11.616,00 €, e da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancías de calquera clase, por importe de 54.375,00 €
755/2024	19-06-2024	Concesión de renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade – Solicitante: M.P.V.
756/2024	20-06-2024	Concesión a Nedgia Galicia, SA, de licenza municipal para executar unha canalización de 3,80 metros lineais destinada a proporcionar subministración de gas natural canalizado a edificio sito na rúa Abeleira, O Temple
757/2024	20-06-2024	Concesión a Telefónica de España, SAU, de licenza municipal para a instalación de dous postes de fibra co fin de proporcionar servizo de comunicacións electrónicas á vivenda unifamiliar sita no lugar de Gaiteiro, Sigrás
758/2024	20-06-2024	Concesión a Telefónica de España, SAU, de licenza municipal para a instalación de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		dous postes de fibra co fin de prestar servizo de comunicacións electrónicas a vivenda unifamiliar sita no lugar da Veiga, Sta. María de Vigo
759/2024	20-06-2024	Concesión a BJQR dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 2 membros, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
760/2024	20-06-2024	Concesión a MICR dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
761/2024	20-06-2024	Concesión a AEPN dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
762/2024	20-06-2024	Denegación da axuda económica de emerxencia social para alimentación básica de hixiene persoal establecida no artigo 6, solicitada o 27/05/2024 por MJME, xa que segundo o disposto no artigo 6, atópase no período mínimo de 6 meses, unha vez esgotado o período máximo de concesión, onde non poden ser beneficiarios.
763/2024	20-06-2024	Concesión a OMC dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
764/2024	20-06-2024	Concesión a MMIS dunha axuda económica de emerxencia social para alimentación básica e hixiene persoal, consistente en ata 6 vales nominativos A anuais por importe de 100 euros cada un deles, por tratarse dunha unidade familiar de 1 membro, durante o tempo restante ata cumprirse o máximo de 18 meses establecido na ordenanza reguladora
765/2024	20-06-2024	Autorización de apertura da urna perimetral sinalada co número 35, letra B no cemiterio municipal de Cambre solicitada por INC en data 04 de xuño de 2024 ao obxecto de inhumar o cadáver de CCV falecida o día 03 de xuño de 2024
766/2024	20-06-2024	Declaración de caducidade do expediente nº 2023/1004/000048 ao ter transcorrido o prazo máximo para resolvelo sen que se tivera notificado ao interesado resolución expresa. Orde de suspender inmediatamente os vertidos de augas residuais que se están a realizar sen autorización a un pozo de rexistro da rede de saneamento de augas pluviais, provenientes do edificio sito na rúa Constitución, O Temple. E inicio de expediente de orde de execución á Comunidade de Propietarios de edificio sito na rúa Constitución, O Temple para a corrección do vertido denunciado, concedendo un prazo de audiencia de 15 días
767/2024	20-06-2024	Concesión e baixa de bonificacións do 100% nas taxas por subministración de auga e do servizo da rede de sumidoiros e da prestacións patrimoniais de carácter público non tributarias pola prestación do servizo público de tratamento e depuración de augas residuais (2º trimestre 2024)
768/2024	20-06-2024	Corrección da resolución da concelleira delegada de Benestar Social núm. 1300/2023, do 24 de xullo, de concesión de axuda de emerxencia social a prol de MEG, por erro na data dun dos recibos para os que se concede a axuda. Onde di: "recibo de gas correspondente ao período que comprende do 16/02/2023 ao 19/04/2023 por importe de 143,46 euros", debe dicir: "recibo de gas correspondente ao período que comprende do 16/02/2022 ao 19/04/2022 por importe de 143,46



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		euros.”
769/2024	20-06-2024	Convalidación da omisión do trámite de fiscalización preceptiva previa da aprobación da concesión da axuda de emerxencia social a C.G.R., expediente 2022/S009/000324, aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 1914/2022, do 8 de novembro, e continuación do procedemento.
770/2024	21-06-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 25 de xuño de 2024
771/2024	21-06-2024	Aprobación da nómina da paga extraordinaria de xuño de 2024 por importe total bruto de 255.048,98 euros
772/2024	21-06-2024	Concesión a APC de licenza municipal para a construción dun muro de contención, de 34,76 metros lineais e unha altura variable dende 1,50 ata 4,00 metros, no lindeiro norte da finca sita no lugar do Vilar, parroquia de Bribes, segundo o proxecto técnico que se achega redactado pola enxeñeira técnica industrial AMCC, supeditada ao cumprimento das condicións establecidas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 29 de abril de 2024.
773/2024	21-06-2024	Declarar a HGR,SL responsable dunha infracción de carácter moi grave, consistente na realización dunha talla na parcela sita no lugar de Fontemoura, Santa María de Vigo, facendo uso do camiño público municipal 1C.1.0164, sen ter presentado o preceptivo aval; e dunha infracción de carácter grave, consistente na realización da dita talla, sen ter presentado a preceptiva comunicación previa. Imposición de sancións de 1.500 euros pola infracción moi grave, e de 500 euros pola infracción grave. Requirimento de pago da sanción e orde de reposición do camiño afectado ao seu estado anterior, para o cal deberá presentar o preceptivo proxecto de obra no prazo de 1 mes
774/2024	21-06-2024	Declaración de caducidade do expediente 2020/U026/000080, ao ter permanecido paralizado por causa imputable ao interesado durante máis de tres meses, acordando o arquivo das actuacións. Inicio de procedemento sancionador a CM,SL pola realización dunha talla na parcela sita no lugar de Meixigo, Cambre, facendo uso do camiño público municipal 1C.1.0294, carecendo de título habilitante municipal
775/2024	21-06-2024	Estimación das alegacións presentadas por LLM, ao terse constatado que as árbores afectadas polo presente expediente atópanse no interior da zona de cesión ao Concello de Cambre, destinada á regularización do viario público, e que foi efectivamente cedida e aceptada polo Concello mediante resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras núm. 1975/2022, do 16 de novembro de 2022, ditada no exp. núm.2022/U018/000018, e como consecuencia do anterior, archivar o expediente nº 2022/I004/000076.
776/2024	21-06-2024	Avocación da competencia delegada na Xunta de Goberno Local para prorrogar o contrato do “Servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual de vías de titularidade municipal e leras no Concello de Cambre” formalizado o día 21.08.2023 co contratista José Carlos Mallo Ares (expediente TEDeC núm. 2023/C004/000007). Acordar a prórroga de 1 ano mais, ata o día 21.08.2025, o citado, condicionando esta prórroga á efectiva consignación orzamentaria axeitada e suficiente no orzamento xeral do exercicio 2025.
777/2024	20-06-2024	Nomeamento de J.L.R.B., como conserxe interino encadrado na escala de administración xeral, subescala Subalterna, pertencente ao grupo “Outras Agupacións Profesionais sen requisito de titulación” e adscrito ao departamento de Cultura en substitución transitoria de GDD, de conformidade co art. 23-2b) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

Igualmente, a Presidencia dá conta aos membros da Corporación dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados por delegación da Alcaldía, que se relacionan a continuación:

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 28 de maio de 2024

- Devolución da garantía constituída pola empresa adjudicataria “Alboroto Producciones, S.L.” para o Lote 2 “Subministración dos elementos e o persoal necesarios para a prestación de todos os servizos que require a produción do festival” da contratación artística e produción do XXXI Festival Rock in Cambre 2023, polo importe de 2.750,00 euros, Exp: 2023/C004/000016.

- Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, do Plan de Xestión de Residuos e do Programa de traballo presentados pola empresa “Jardinería Arce, S.L.”, para a execución da obra denominada “Reforma del parque infantil situado en rúa Francisco Rodríguez (Cambre)”. Expediente: 2022/C003/000020

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 4 de xuño de 2024

- Devolución da garantía definitiva constituída pola empresa Grupo Disber Siglo XXI, S.L. para o lote 2 “Subministración de lotes de produtos de Nadal” do contrato das “Subministracións e servizos necesarios para o desenvolvemento da campaña de dinamización comercial do Nadal 2022 – 2023, polo importe de 245,75 euros. Exp: 2022/c005/00012

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 11 de xuño de 2024

- Prórroga ata o 07.04.2025 do contrato formalizado coa empresa “Consultora de Ingeniería, Medio Ambiente y Arquitectura, S.L.” (CIMARQ, S.L.) relativo ao “Servizo de redacción de proxectos e dirección de obras da área de urbanismo e obras do Concello de Cambre” (expediente TEDeC 2021/C004/000004) nos mesmos termos nos que foi adjudicado.

- Aprobación do expediente de contratación relativo ás obras de “Mantenimiento de caminos municipais en las parroquias de Bribes, Cecebre y otros” incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2022”, por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto simplificado cun único criterio de adjudicación (o factor prezo). Expediente TEDeC 2022/C003/000021

- Aprobación do expediente de contratación relativo ás obras de execución do “Proyecto básico y de ejecución de mejora de accesibilidad en Lendoiro. A Barcala. Cambre. Lote 2”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “POS+ Adicional 2/2022”, por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto simplificado cun único criterio de adjudicación (o factor prezo). Expediente TEDeC núm. 2023/c003/000010

Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18 de xuño de 2024

- Devolución da garantía constituída pola empresa adjudicataria “Construcciones Canosa, S.L.” para a obra denominada “Pavimentación de beirarrúas na rúa Sil da mazá M3 da Barcala (Fase 2)”, polo importe de 1.775,21 euros. Exp: 2018/C003/00016.

- Aprobación do expediente para a “Contratación artística e produción do XXXII Festival Rock in Cambre 2024”, mediante o procedemento aberto simplificado (con pluralidade de criterios de adjudicación, de apreciación automática). Exp: 2024/C004/000010.

- Aprobación do expediente de “Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos espazos de celebración da VII romaría galaico-romana “Galaicoi”, mediante procedemento aberto simplificado abreviado do artigo 159.6 da LCSP. Exp: 2024/C005/000005



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

3.3. ROGOS

Acceso á videoacta – 01:14:59 horas

ROGOS DO PP PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900004236 o día 24 de xuño de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:15:04 horas

Lee o rogo o Sr. Vázquez Pérez.

“Ante as continuas queixas e denuncias dos usuarios do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), dende o Partido Popular solicitamos que se leve a cabo de maneira urxente a aplicación de medidas reais por parte do concello para abordar dunha vez por todas os problemas que o servizo leva arrastrando dende hai dous anos, desde que se adjudicou coa actual empresa no 2022 e que debido á falta de previsión e de dilixencia do Goberno municipal, tivemos que prorrogar o servizo coa mesma empresa, sempre cos mesmos problemas e sen solucións.”

A Sra. Díaz Baldomir contesta o rogo.

(Cando son as doce horas e vinte e tres minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro de UxC, Sr. Boga Moscoso.)

(Cando son as doce horas e vinte e catro minutos a Sra. presidenta, tras tres chamadas de atención, solicita que abandone o salón de sesións unha persoa do público asistente)

Intervén o Sr. Vázquez Pérez.

(Cando son as doce horas e vinte e seis minutos minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro de UxC, Sr. Boga Moscoso.)

Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. Díaz Baldomir.

(Cando son as doce horas e vinte e nove minutos a Sra. presidenta, tras tres chamadas de atención, solicita que abandone o salón de sesións outra das persoas do público asistente)

Intervén a Sra. Díaz Baldomir.

(Cando son as doce horas e trinta e dous minutos minutos auséntase do salón de sesións o concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.)

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:26:19 horas

Lee o rogo o Sr. Lamela Vázquez.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“Ante os continuos problemas de pragas de ratas nos contedores subterráneos situados na praza Manuel Murguía do Temple, que levan arrastrándose dende hai moito tempo e que non se dan desratizado correctamente debido a que non se desmonta a estrutura, tal como levamos pedindo dende hai case un ano. Dende o Partido Popular solicitamos que sexan retirados e pechados os contedores subterráneos para praza Manuel Murguía, e se é necesario por espazo, poden habilitarse novos contedores na rúa Francisco Rodríguez para dar servizo aos veciños.”

(Cando son as doce horas e trinta e tres minutos reincorpórase ao salón de sesións o concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Alcantarilla Rei.)

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes, a Sra. alcaldesa, e o Sr. Lamela Vázquez.

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:32:57 horas

Lee o rogo a Sra. Espiñeira Galán.

“Na segunda fase da urbanización Os Castros do Bosque volvemos a solicitar ao Partido Popular de Cambre que se leve a cabo a limpeza da finca particular que se atopa dentro da propia urbanización e que está a menos de dous metros das vivendas como proba achego fotografías. Tamén linda esta finca coa piscina e a cancha de tenis de titularidade municipal á que acoden moitos nenos pequenos no verán. Solicítase a limpeza inmediata para evitar posibles incendios nun futuro próximo, tamén para evitar a presenza de alimañas na entorno de xogos dos máis cativos.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. Espiñeira Galán.

ROGOS DO PSDEG-PSOE PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900004231 o día 24 de xuño de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que redactados en castelán e transcritos ao galego din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:35:38 horas

Lee o rogo o Sr. Alcantarilla Rei.

“Desde o Grupo Municipal Socialista de Cambre rogamos que, debido ás innumerables deficiencias que hai na praza Casares Quiroga da Barcala e nos seus accesos que se están afundindo tal e como demostran as fotos adxuntas, se faga un estudo técnico urxente para valorar as ditas deficiencias e proceder á súa necesaria reparación.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:37:05 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Lamas.

“Desde o Grupo Municipal Socialista de Cambre, debido á escasa visibilidade existente no cruzamento entre as rúas Miguel González Garcés e rúa Balado, rogamos a instalación de espellos que melloren a dita visibilidade.”

O Sr. Mallo Castro contesta o rogo.



ROGOS DO BNG PRESENTADOS POR ESCRITO

Rexistrados de entrada ao núm. 202499900004235 o día 24 de xuño de 2024, xunto coas preguntas presentadas para este pleno, que transcritos din:

1º rogo - Acceso á videoacta – 01:37:49 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“De novo os veciños de Anceis están coa lóxica preocupación da xa famosa antena de telecomunicacións, estando agora recorrído diante do noso concello e pendente de resolución. Rogamos que nos trasladen como está exactamente o expediente e os pasos previstos a dar, cara a unha rápida solución.”

O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

2º rogo - Acceso á videoacta – 01:39:10 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Os atrasos nos pagos ás diversas asociacións deste concello, o goberno municipal, veu de admitir nas comisións informativas celebradas a semana pasada, que non se fai con dilixencia a comunicación con elas, cando se trata de emendar ou cubrir diferente documentación.”

Debido á complexidade nos trámites, algunhas directivas teñen algunha dificultade para seguir os distintos procedementos cara a obter a axuda, que se incrementa por suposto, cando non segue un calendario que facilite a solución en corto prazo, e por ende o pago correspondente.

Dende o grupo municipal do BNG, rogamos que unha vez detectado este atranco, se proceda a darlle prioridade nos distintos departamentos para facilitar a xestión das axudas e subvencións, evitándose unha anguria de persoas que ceden parte do seu tempo xestionando innumerables actividades para toda a veciñanza.”

O Sr. López Saborido contesta o rogo. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e o Sr. Vázquez Pérez.

(Cando son as doce horas e corenta e oito minutos auséntase do salón de sesións a concelleira do PSdeG-PSOE, Sra. Prieto Lamas que se reincorpora ás doce horas e cincuenta e un minutos.)

3º rogo - Acceso á videoacta – 01:46:41 horas

Lee o rogo a Sra. Prieto Miramontes.

“Nas campañas de roza, dende o BNG, vimos observando que o tratamento que se fai da vexetación existente nalgúns dos terreos municipais, carece da debida sensibilidade, e así mesmo córtanse especies que as veces morren inevitablemente.

A día de hoxe, non cabe supoñer unha ignorancia sobre a importancia da diversidade botánica, e mesmo sobre a normativa de especies protexidas.

Rogamos por tanto, que se esixa ao persoal que leve a cabo as tarefas, destes coñecementos básicos no século XXI, garantindo tamén o cumprimento legal ao respecto.”



O Sr. González Leirós contesta o rogo. Intervén a Sra. Prieto Miramontes.

3.4. PREGUNTAS

Acceso á videoacta – 01:50:25 horas

PREGUNTAS DO PP PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900004236 o día 24 de xuño de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:50:28 horas

Lee a pregunta a Sra. Espiñeira Galán.

“O Partido Popular queremos saber: Fixéronse dende o concello as xestións necesarias coa Xunta para solicitar formalmente o servizo de bus ás praias con Cambre?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:52:01 horas

Lee a pregunta a Sra. Espiñeira Galán.

“Cando van substituír as lousetas que son esvaradías nas beirarrúas que van no centro de Cambre dende a casa do cura ata o centro de saúde?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:53:01 horas

Lee a pregunta o Sr. Vázquez Pérez.

“A pista deportiva do paseo do Temple leva sen arranxarse dende os temporais de novembro, neste tempo o único que fixeron foi retirar a parte da estruturas afectada e para iso tardaron meses, dende o Partido Popular non entendemos esta demora e estamos fartos de escusas, primeiro botaban a culpa á falta de acordo co perito do seguro, agora xa non teñen máis escusas. Despois de que os nenos e nenas leven agardando xa sete meses. Cando teñen pensado arranxar a pista deportiva do paseo marítimo?”

O Sr. López Saborido contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO PSDEG-PSOE PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900004231 o día 24 de xuño de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que redactadas en castelán e transcritas ao galego din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:53:50 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Lamas.



“En que punto está a contratación das traballadoras de inclusión dos programas Prisma, Píllara, Lagare e Amarí?”

A Sra. Díaz Baldomir contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:54:27 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Lamas.

“En que situación está a contratación da traballadora social e da administrativa aprobada no POS+ 2024 para reforzar o servizo do SAD?”

A Sra. Díaz Baldomir contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:55:24 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcerero Quiñoy.

“Que número de axentes de Policía local hai actualmente en activo?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

4ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:55:42 horas

Lee a pregunta a Sra. Parcerero Quiñoy.

“Cal foi o protocolo de actuación e seguimento por parte da Policía local e Protección Civil na celebración de San Xoan?”

O Sr. Mallo Castro contesta a pregunta.

5ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:56:39 horas

Lee a pregunta a Sra. Rodríguez López.

“En que estado se atopa o contrato de servizo de conserxería e limpeza das instalacións dos campos de fútbol municipais?”

O Sr. López Saborido contesta a pregunta.

PREGUNTAS DO BNG PRESENTADAS POR ESCRITO

Rexistradas de entrada ao núm. 202499900004235 o día 24 de xuño de 2024, xunto cos rogos presentados para este pleno, que transcritas din:

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:57:20 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

“Nos terreos que explotaron ilegalmente durante máis de 30 anos ‘Graveiras do Barcés’ en Cecebre, e unha vez reencheda con terra procedente da nave de Amazon no polígono do E. Santo, entendemos dende o BNG, que dun xeito irregular, derívanse problemas como a acumulación de auga con lodos na zona do Apeadeiro, así como na zona municipal ‘A Balastreira’.

Despois de tantos desastres sufridos por esa actividade fóra da lei, a veciñanza segue a sufrír consecuencias indesexables.

Así entroutras cousas a día de hoxe segue sen estar rebrandada a súa superficie de especies caducifolias, tal e como se comprometeu a actual propiedade.

Exactamente en que situación está o trámite seguido a cabo e cal é o control que exerce o Concello neste asunto tan preocupante?

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:00:00 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Na remodelación do Parque Ramón Barba no Graxal, chama a atención, á veciñanza como a nós como concelleiros/a do BNG, de novo a cantidade de cemento empregado, así como o límite de accesos, dado que dende a rúa Rosalía de Castro non se contempla esa posibilidade. Pódenos explicar para cando está previsto a execución dese pequeno auditorio incluído na devandita obra?”

O Sr. González Leirós contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 02:00:46 horas

Lee a pregunta a Sra. Prieto Miramontes.

“Comezado xa o verán meteorolóxico, e con iso as diferentes formas de festexos no noso concello, dende o BNG preguntamos se se levou a cabo algunha xuntanza cos comités de festas das parroquias, cara a un asesoramento e proceder con seguridade?”

A Sra. Pan Matos contesta a pregunta. Interveñen a Sra. Prieto Miramontes e a Sra. alcaldesa.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, ás trece horas e nove minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Vº e praxe
A presidenta
(Asinada dixitalmente)

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)

Pilar María Pastor Novo